

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

## DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL



**Curso 2022-2023**

DATA: 25 setembro 2022

## PROGRAMACIÓN EPVA\_2022-23

<b>TIPO</b>	Documentación Departamento
<b>DATA</b>	25 setembro 2022
<b>VERSIÓN</b>	Ver. 1.3
<b>DATA revisión</b>	20.09.2022

## ÍNDICE

<b>1. ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN</b> .....	<b>9</b>
1.1. Composición departamento	
1.2. Lexislación	
1.3. Contextualización	
1.4. Introducción	
1.5. Obxectivos de etapa : Educación Secundaria Obrigatoria	
1.6. Competencias clave	
1.6.1. Contribución da materia á adquisición das competencias clave	
<b>2. EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA</b> .....	<b>26</b>
<b>2.1. EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL DE 4º ESO</b> .....	<b>70</b>
2.1.1. Introducción e contextualización	
2.1.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave : perfís competenciais	
2.1.3. Concreción para cada estándar de:	
2.1.3.1. Temporalización	
2.1.3.2. Grao mínimo de consecución de estándares para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.	
2.1.4. Consideracións sobre os indicadores de logro e mínimos esixibles dos estándares	
2.1.5. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado	
2.1.5.1. Criterios sobre a avaliación	
2.1.5.2. Criterios sobre a cualificación (final de curso, recuperacións, proba extraordinaria de xuño)	
2.1.5.3 <u>AVALIACIÓN FINAL DA ESO</u>	

2.1.6. Recursos e materiais. Actividades e tarefas

2.1.7. Proceso avaliador

**3. BACHARELATO ..... 87**

**3.1. DEBUXO ARTÍSTICO DE 2º BAC ..... 125**

3.1.1. Introducción e contextualización

3.1.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave : perfís competenciais

3.1.3. Concreción para cada estándar de:

3.1.3.1. Temporalización

3.1.3.2. Grao mínimo de consecución de estándares para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.

3.1.4. Consideracións sobre os indicadores de logro e mínimos esixibles dos estándares

3.1.5. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado

3.1.5.1. Criterios sobre a avaliación

3.1.5.2. Criterios sobre a cualificación (final de curso, recuperacións, proba extraordinaria de setembro)

3.1.6. Recursos e materiais. Actividades e tarefas

3.1.7. Proceso avaliador

**3.2. DEBUXO TÉCNICO DE 2º BAC ..... 143**

3.2.1. Introducción e contextualización

3.2.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave : perfís competenciais

3.2.3. Concreción para cada estándar de:

3.2.3.1. Temporalización

3.2.3.2. Grao mínimo de consecución de estándares para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.



3.2.4. Consideracións sobre os indicadores de logro e mínimos esixibles dos estándares

3.2.5. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado

3.2.5.1. Criterios sobre a avaliación

3.2.5.2. Criterios sobre a cualificación (final de curso, recuperacións, proba extraordinaria de setembro)

3.2.6. Recursos e materiais. Actividades e tarefas

3.2.7. Proceso avaliador

### **3.3. TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICA DE 2º BAC ..... 165**

3.3.1. Introducción e contextualización

3.3.2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave : perfís competenciais

3.3.3. Concreción para cada estándar de:

3.3.3.1. Temporalización

3.3.3.2. Grao mínimo de consecución de estándares para superar a materia e procedementos e instrumentos de avaliación.

3.3.4. Consideracións sobre os indicadores de logro e mínimos esixibles dos estándares

3.3.5. Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado

3.3.5.1. Criterios sobre a avaliación

3.3.5.2. Criterios sobre a cualificación (final de curso, recuperacións, proba extraordinaria de setembro)

3.3.6. Recursos e materiais. Actividades e tarefas

3.3.7. Proceso avaliador 4.

### **4. OUTRAS CONSIDERACIÓNS ..... 182**

4.1. Recuperación das materias pendentes.

4.2. Procedementos de avaliación.

4.2.1. ALUMNADO COA MATERIA SUPERADA.

4.2.2. ALUMNADO COA MATERIA NON SUPERADA.

4.3. Contribucións aos proxectos pedagóxicos

4.2.1. Atención á diversidade

4.2.2. Proxecto lingüístico

4.2.3. Fomento da lectura

4.3. Elementos transversais

4.4. Formación T.I.C.

4.5. Actividades complementarias e extraescolares

4.6. Avaliación xeral das Programacións

# ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN

## 1. ASPECTOS XERAIS DA PROGRAMACIÓN

### 1.1. COMPOSICIÓN DEPARTAMENTO

O presente curso escolar o departamento está formado por:

- **Santiago Vilaverde Aboal**, coa función de Xefe de Departamento.
- **Sabela Córdoba**, profesora que pertence ao Departamento de Educación Física para completar o excedente de horas do Departamento de Debuxo.
- **Rocío**, profesora que pertence ao Departamento de Economía para completar o excedente de horas do Departamento de Debuxo.

**O número de grupos, materias e horas que se imparten no Departamento de Debuxo son as seguintes:**

Profesor: **Santiago Vilaverde Aboal**

NIVEL	MATERIA	GRUPOS	HORAS	HORAS TOTAIS
3º ESO	EPVA	2	2	4
4º ESO	EPVA	1	2	2
2º Bacharelato	DEBUXO ARTÍSTICO II	1	3	3
2º Bacharelato	DEBUXO TÉCNICO II	1	3	3
2º Bacharelato	TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICA	1	3	3
3º ESO	PROXECTO Competencial	2	1	2
				17

Profesor: **Sabela Córdoba....**

NIVEL	MATERIA	GRUPOS	HORAS	HORAS TOTAIS
2º Bacharelato	TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICA	1	3	3
Total Horas Dep. Debuxo:				3

Profesor: **Rocío Pérez Díaz**

NIVEL	MATERIA	GRUPOS	HORAS	HORAS TOTAIS
1º ESO	EPVA	3	2	6
Total Horas Dep. Debuxo:				6

## 1.2. LEXISLACIÓN

**MARCO LEGAL** no que se encadra esta programación é o seguinte:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacins didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
- Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).



### 1.3. CONTEXTUALIZACIÓN

Esta programación didáctica anual, está feita para o IES A Basella, situado no núcleo poblacional máis importante do concello de Vilanova de Arousa, tal como recolle o Proxecto Educativo do Centro (PEC). Este centro recolle a alumnado do IES Faro das Lúas e IES Illa de Arousa para cursar o bacharelato.

Esta Programación terá como referencia os obxectivos que o PEC recolle como referencia no seu apartado 6, en particular os seguintes:

- Contribuír ó desenvolvemento integral dos seus alumnos e alumnas tanto no aspecto intelectual como físico e humano.
- Desenvolver a capacidade de observación e busca da información, do razoamento lóxico e do espírito crítico, adquirir hábitos de traballo, estimular a creatividade, potenciar o traballo en equipo para acadar unha actitude solidaria e cooperativa.
- Fomentar a responsabilidade e o esforzo persoal, desenvolver a capacidade de aplicación dos coñecementos acadados a situacións reais; e a capacidade de defensa das súas ideas, proxectos e conclusións.

O presente curso escolar 2022-23, é un curso especial dada a eliminación da maioría dos protocolos da normativa COVID19 dos dous anos anteriores.

Este feito tradúcese nas adaptación das aulas do centro á presencialidade do alumnado e a eliminación das normas de distanciamento tal como a distancia entre mesas.

Este ano igual que o anterior o alumnado da ESO poderá traballar co programa de EDIXGAL xa implantado en toda a etapa (de 1º ata 4º), sendo obrigado empregar dito programa para a comunicación e as tarefas co alumnado.

Este ano coa implantación da LOMLOE só cambiarán a programación os cursos impares (1,3º ESO, 1ºBAC.). Non haberá segundo profesor de Debuxo pero sí un profesor que vén do departamento de Educación Física para completar o noso horario segundo estimou a dirección centro. Cos novos cambios de itinerarios e novas optativas o departamento de debuxo non terá neste ano os cursos de 1ºbacharelato de Debuxo Artístico I e Debuxo Técnico I. Tamén como novidade co gallo da nova asignatura da ESO de Proxecto ..... que, por petición miña quixera dar en 3º da ESO. A asignatura de Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica de 2º bacharelato, este ano pola gran cantidade de alumnos (case 40) terase que desdobrar en dous grupos pero pola incompatibilidade do horario (os dous grupos téñense que dar á mesma hora) teremos que compartir eu e o novo profesor de Educación Física.

O laboratorio de Fotografía utilizarase este ano para fotografía xa que o ano pasado non foi posible. Este espazo está dotado de ampliadoras de fotografía que empregaremos para facer raiogramas e revelado de fotografía estenopeica. Este espazo adaptarase para a realización completa do proceso de revelado da fotografía partindo de papel fotográfico ata a obtención da fotografía sobre papel final. Comezaremos experimentando con cianotipias e raiogramas/ fotogramas xunto co revelado final do papel fotográfico.

Tamén se empregará este espazo para realización de vídeos así como o proxecto de 4º da ESO sobre a gravación dunha curtametraxe aproveitando o croma instalado.

Coa actualización e ampliación das actividades deste espazo podemos preparar o alumnado para unha mellor preparación no campo audiovisual para futuras carreiras como fotografía ou Belas Artes.

**As AULAS dispostas para o Departamento de Debuxo son:**

<b>AULAS ESPECÍFICAS do departamento de Debuxo</b>	
<b>AULA DEBUXO ARTÍSTICO</b>	Equipada para desenvolver a materia de Debuxo Artístico de 1º e 2º de bacharelato e Técnicas de Expresión Gráfico-Plásticas de 2º bacharelato.
<b>Provista de :</b>	Cabaletes, mesas grandes, estanterías, modelos en escaiola, modelos de obxectos e 2 focos potentes, moble con claves (para material), estantería tipo rack para secado dos traballos, canón, ordenador e pantalla.
<b>AULA DEBUXO TÉCNICO e EPVA</b>	Equipada para desenvolver a materia de Debuxo Técnico de 1º e 2º de bacharelato e 1º, 3º e 4º da ESO de EPVA.
<b>Provista de :</b>	Mesas altas con tallos, mesa para gravado, tórculo e estantería tipo rack para secado dos traballos, canón, ordenador e pantalla.
<b>LABORATORIO de FOTOGRAFÍA/ AUDIOVISOVAIS</b>	De tipo multidisciplinar, servirá de uso para a radio da biblioteca, desenvolver a actividade de fotografía e gravación de vídeo con croma.
<b>Provista de :</b>	3 ampliadoras de fotografía e xogo completo de materiais de revelado (tanquetas, pinzas...); telas para fondos de vídeo: verde (croma), branco e fondo negro; 2 pantallas de luz para iluminación para vídeo; 1 micrófono mesa; 1 micrófono solapa.
<b>DEPARTAMENTO</b>	Equipada para desenvolver as tarefas de departamento.
<b>Provista de :</b>	Estanterías e armarios, corcho, mesa e libros de texto.

## 1.4. INTRODUCCIÓN

A ensinanza secundaria obrigatoria entende a educación plástica e audiovisual como motor do desenvolvemento das capacidades perceptivas, estéticas e expresivas da persoa.

Na nosa vida a maior parte dos estímulos que recibimos son de natureza visual ou táctil. Esta información ven de dúas grandes fontes: a que proporciona a natureza e a que xera a actividade e creación humana onde están incluídas, naturalmente, o deseño e as artes en xeral.

A necesidade da educación plástica e audiovisual faise evidente por unha banda a partir da necesidade de desenvolver nos alumnos/as capacidades de expresión, análise, crítica, apreciación e organización das imaxes e por outra banda na relación co a enorme cantidade de información visual propia da nosa época. As imaxes que proveñen da natureza e as creadas polo home, obrigan a ter uns recursos básicos para a súa lectura e análise xeral, realizar unha crítica da mensaxe recibida na súa dimensión, saber apreciarlas e organizalas nos valores positivos e negativos que estas puideran conter. Por iso, esta programación ten como referencia os currículos publicados no DOG Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia

A relación das persoas co seu entorno son de dobre dirección: de recepción e de emisión de mensaxes en xeral, de experiencias proporcionadas polo entorno e de accións exercidas sobre el. En relación con todo isto, os contidos nesta área despréganse en dúas liñas: a percepción e a representación, **saber ver e a de saber facer**.

**Saber ver** implica valorar a continxente da información visual e a análise crítica da realidade. Implica tamén a necesidade de educar na percepción que supón ser capaz de valorar

criticamente unha información visual e mesmo chegar a conclusións persoais de acordo cunha escala de valores propia.

**Saber facer** implica a acción de investigación tendente á produción artística creativa e a realización de representacións expresivo comunicativas, propiciando a adquisición de capacidades creativas.

Este saber facer tamén implica a necesidade de educar no deseño, planificación, produción e creación de mensaxes icónicas, que supón ser capaz de expresarse utilizando códigos propios das linguaxes visuais. **A didáctica desta área partirá da apreciación do que está máis preto para chegar o máis afastado.**

Esta introdución recolle a idea xeral das necesidades ou enfoques aos que temos que dirixir o ensino da agora chamada Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Esta nova andaina, concreta os procesos do aprendizaxe en “que lograremos aplicando unha determinada metodoloxía á uns contidos?”, tendo sempre en conta as competencias que queremos que o estudante desenvolva no proceso de ensino aprendizaxe. Tamén, no conxunto dos bloques desta materia, en resumo, intégranse coñecementos de carácter matemático, artístico e audiovisual, polo que un enfoque interdisciplinar favorecerá a conexión con outras materias e mesmo con diversos temas de actualidade.

## 1.5. OBXECTIVOS DE ATAPA : EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

A) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade

de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

B) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

C) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

D) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

E) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

F) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

G) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.



H) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

I) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

J) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

K) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

L) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

M) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

N) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación

interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

O) Motivar ao estudante para que explore o contorno físico exterior e tamén a si mesmo/a e en relación cos demais.

P) Sensibilizar ao estudante co patrimonio cultural, histórico e artístico da contorna e de ámbito xeral galego. Promovendo o respecto e a conservación do mesmo.

Q) Desenvolver habilidades, que lles sirvan para a resolución de problemas con creatividade, colaborando en grupo ou de xeito individual.

R) Integrar alumnos e alumnas de diferentes culturas, países ou con dificultades de adaptación.

S) Fornecer o contacto coas tecnoloxías da información, aprendizaxe e comunicación, T.I..A.C., nos tarefas ou actividades propostas.

T) Aprender a valorar e respectar o traballo propio e os dos demais.

## 1.6. COMPETENCIAS CLAVE

### 1.6.1. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Enténdese por competencias clave o conxunto de coñecementos, habilidades e actitudes que debe alcanzar o alumnado para teñer as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

**As competencias clave do currículo serán as seguintes:**

- Comunicación Lingüística: **CCL**.
- Competencia Matemática e Competencias básicas en Ciencia e Tecnoloxía: **CMCCT**.
- Competencia Dixital: **CD**.
- Competencia Aprender a Aprender: **CAA**.
- Competencias Sociais e Cívicas: **CSC**.
- Competencia Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor: **CSIEE**.
- Competencia de Conciencia e Expresións Culturais: **CCEC**.

### **a. Competencia en comunicación lingüística (CCL).**

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e transmisión do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta. Tamén inclúe a habilidade de expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións de forma oral e escrita, así como a de comunicarse de forma apropiada nunha ampla variedade de situacións polo menos nunha lingua estranxeira ao finalizar a educación básica.

### **b. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

A competencia matemática require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, así como das operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos.

O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos, xa sexan persoais, sociais, profesionais ou científicos, así como para emitir xuízos fundados e seguir cadeas argumentais na realización de cálculos, a análise de gráficos e representacións matemáticas e a manipulación de expresións alxébricas, incorporando os medios dixitais cando sexa oportuno.

Forma parte desta destreza a creación de descricións e explicacións matemáticas que levan implícitas a interpretación de resultados matemáticos e a reflexión sobre a súa adecuación

ao contexto, ao igual que a determinación de se as solucións son adecuadas e teñen sentido na situación en que se presentan.

Mediante esta competencia adquirese a habilidade para a utilización dos números e as súas operacións básicas, así como dos símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático en situacións cotiás, de modo que se seleccionen as técnicas adecuadas para calcular, resolver problemas, interpretar a información e aplicar os elementos matemáticos á maior variedade posible de contextos

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un acercamento ao mundo físico e á interacción responsable con el desde accións, tanto individuais como colectivas, orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e o mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico, pois inclúen a aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas, que conducen á adquisición de coñecementos, á contrastación de ideas e á aplicación dos descubrimentos ao benestar social

### **c. Competencia dixital (CD).**

A competencia dixital é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e da comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empregabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade.

Require de coñecementos relacionados coa linguaxe específica básica: textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora, así como as súas pautas de decodificación e transferencia. Isto comporta o coñecemento das principais aplicacións informáticas. Supón tamén o acceso ás fontes e o procesamento da información, e o coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten as persoas no mundo dixital.

#### **d. Competencia para aprender a aprender (CAA).**

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais.

Esta competencia caracterízase pola habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Isto exige, en primeiro lugar, a capacidade para motivarse por aprender.

Esta motivación depende de que se xere a curiosidade e a necesidade de aprender, de que o estudante se sinta protagonista do proceso e do resultado da súa aprendizaxe e, finalmente, de que chegue a alcanzar as metas de aprendizaxe propostas e, con isto, que se produza nel unha percepción de autoeficacia. Todo o anterior contribúe a motivalo para abordar futuras tarefas de aprendizaxe.

#### **e. Competencias sociais e cívicas (CSC).**

As competencias sociais e cívicas implican a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas. Ademais de incluír accións a un nivel máis próximo e mediato ao individuo como parte dunha implicación cívica e social.

#### **f. Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. Isto significa adquirir conciencia da situación a intervenir ou resolver,



e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.

Esta competencia está presente nos ámbitos persoal, social, escolar e laboral nos cales se desenvolven as persoas, permitíndolles levar a cabo as súas actividades e o aproveitamento de novas oportunidades. Constitúe, igualmente, o alicerce doutras capacidades e coñecementos máis específicos, e inclúe a conciencia dos valores éticos relacionados.

#### **h. Competencia en conciencia e expresión cultural (CCEC).**

A competencia en conciencia e expresión cultural implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación expresión persoal. Implica, igualmente, manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

### 1.6.1. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE

Aínda que concretaremos a contribución nos diferentes cursos coa relación dos estándares de aprendizaxe e as competencias clave, en liñas xerais podemos dicir que o carácter integrador dunha materia como a Educación Plástica, visual e audiovisual fai posible que o seu proceso de ensino/aprendizaxe permita contribuír activamente ao desenvolvemento das competencias clave da Educación Obrigatoria.

A competencia que se vincula de forma máis natural a este ámbito de coñecementos é a *conciencia artística e cultural (CCEC)*. A nosa materia proporciona un ámbito de vivencias, relacións e coñecementos que fan posible a familiarización cos diferentes códigos artísticos. Iso implica ampliar as posibilidades de representación mental e coñecemento, así como as posibilidades de expresión e creación. Desde o principio aprenderá a captar, atender, manter a atención, discriminar, relacionar e apreciar os valores estéticos e culturais das producións artísticas, tanto as propias como as dos demais. Desde as posibilidades expresivas facilítase a comunicación a outros de ideas e sentimentos, a liberación de tensións e a manifestación destas en produtos novos, persoais e orixinais.

A materia facilita tamén o desenvolvemento da *competencia social e cívica (CSC)*. A expresión e creación artística estimula o traballo en equipo e proporciona situacións propicias para traballar o respecto, a tolerancia, a cooperación e a flexibilidade: contribúese á adquisición de habilidades sociais. A expresión plástica e visual de emocións e vivencias relacionadas cos dereitos e liberdades cívicos pode ser un espazo apropiado para o coñecemento e a reflexión sobre situacións de gran valor formativo desde unha perspectiva social, afectiva e moral.

A *Competencia dixital (CD)* ven enormemente favorecida polos traballos propios da materia; esta competencia impulsarase con tarefas que poden ir desde a análise de mensaxes da

contorna audiovisual e multimedia ao emprego de medios tecnolóxicos específicos para expresar e crear.

A Educación Plástica e Visual esixe e facilita o desenvolvemento de habilidades relacionadas co pensamento científico: formular hipótese, observar, experimentar, descubrir, reflexionar, analizar, extraer conclusións e xeneralizar. Tamén require e posibilita o contacto coa natureza e a sensibilización cara a aspectos relacionados coa conservación, coidado e reciclaxe de materiais para configurar unha obra persoal. Todo iso implica unha relación clara coas *competencias de sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)*, *aprender a aprender (CAA)* que implican aprender a trazar proxectos, a facer funcionais os recursos, a valorar posibilidades, anticipar resultados e avalialos.

A evolución nos elementos de percepción e estruturación do espazo, a través dos contidos de xeometría e da representación das formas, contribúe de forma significativa a que o alumnado adquirir a *competencia matemática (CMCCT)*.

Finalmente, a *competencia en comunicación lingüística (CCL)* relaciónase co desenvolvemento das habilidades e estratexias para o uso da linguaxe verbal como vehículo para expresar as ideas, emocións e sentimentos que a contemplación, a análise e/ou a creación dunha obra plástica e visual levan consigo; así mesmo fai posible a comunicación na aula á hora de transmitir mensaxes vinculadas a técnicas, materiais e instrumentos. A lectura de textos relacionados con contidos da materia é tamén esencial; familiarizarse cos comentarios e valoracións de críticos e creadores de diversos ámbitos (cine, televisión, pintura, escultura), axudará os alumnos a comprender, avaliar e forxar un criterio personal que lle axude a desenvolver a materia e a súa expresión artística máis amplamente.

# EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

## 2.1. PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE 4º ESO\_EPVA

Decreto 85/2015 do 29 de Xuño. DOG nº 120

### 2.1.1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Mantendo a liña de fomentar a formación plástica e audiovisual na procura da sensibilización dos estudantes cos produtos artísticos e culturais de creación propia ou allea coa súa posta en valor, a proposta formativa deste curso perseguirá que o estudante afonde no coñecemento da forma obxectiva (Debuxo xeométrico) iniciada no curso de primeiro, así como tamén explorar as posibilidades da forma subxectiva (Arte) na súa apreciación e análise e tamén, de cómo facer ou crear estas imaxes. Trataranse tres bloques temáticos: Expresión plástica, comunicación audiovisual e o debuxo técnico.


Neste curso non se conta con ferramentas tecnolóxicas (Abalar), pero traballarase a creación analóxica (a man) da imaxe explorando a creación dixital desde o audiovisual coa fotografía e o vídeo empregando os recursos dispoñibles na aula

CARACTERÍSTICAS DO NIVEL DE ALUMNOS	
<b>Nº de grupos:</b>	1 (A,B)
<b>Observacións:</b>	Os alumnos e alumnas deste nivel comezarán cunha práctica máis profunda o mundo do cine, onde farán un Proxecto e estudarán as técnicas do cinema.

**2.1.2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE: PERFÍS COMPETENCIAIS**

No apartado de Aspectos Xerais desta Programación están establecidas as contribucións desta materia ás competencias clave.

**Quedando, para o nivel de 4º da ESO o seguinte perfil competencial :**





## 2.1.3. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE:

### 2.1.3.1. TEMPORALIZACIÓN

No seguinte recadro amósanse a distribución dos contidos dos bloques ao logo das avaliacións:

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL. 4º DE ESO		
1º AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
CONTIDOS	CONTIDOS	CONTIDOS
<b>Bloque 3. Debuxo técnico_I</b>	<b>Bloque 3. Debuxo técnico_II</b>	<b>Bloque 3. Debuxo técnico_III</b>
<p>B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo.</p> <p>B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia.</p> <p>B2.3. Tanxencias e enlaces.</p> <p>B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.</p>	<p>B2.5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas.</p> <p>B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á manalzada e con utensilios de debuxo técnico.</p> <p>B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.</p> <p>B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas.</p>	<p>B2.9. Perspectiva cónica central.</p> <p>B2.10. Perspectiva cónica oblicua.</p> <p>B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista.</p> <p>B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.</p>
<b>Bloque 1. Expresión plástica</b>	<b>Bloque 2. Linguaxe audiovisual e multimedia</b>	<b>Bloque 2. Fundamentos do deseño</b>
<p>B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.</p> <p>B1.2. Leis da composición.</p> <p>B1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza.</p> <p>B1.4. Cor como ferramenta simbólica.</p> <p>B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais.</p> <p>B1.6. Interese pola investigación sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información na creación propias.</p> <p>B1.7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.</p> <p>B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva).</p> <p>B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.</p> <p>B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes.</p> <p>B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.</p>	<p>B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía.</p> <p>B4.2. Realización dun storyboard.</p> <p>B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine.</p> <p>B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías.</p> <p>B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas.</p> <p>B4.6. Creación dixital de imaxes.</p> <p>B4.7. Deseño dun proxecto publicitario.</p> <p>B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal.</p> <p>B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria.</p>	<p>B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.).</p> <p>B3.2. Fases do proceso de deseño.</p> <p>B3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos.</p> <p>B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico.</p> <p>B3.5. Campos de aplicación do deseño.</p> <p>B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos.</p> <p>B3.7. Componentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc.</p> <p>B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño.</p> <p>B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño.</p> <p>B3.10. Planificación dun proxecto artístico.</p>

### 2.1.3.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN DE ESTÁNDARES PARA SUPERAR A MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

Na seguinte táboa, concrétnanse para cada estándar de aprendizaxe avaliabile a súa temporalización, o seu grao mínimo de consecución (ou se é mínimo esixible) e os instrumentos e procedementos de avaliación estruturados por unidades didácticas.

EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL. 4º DE ESO				
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
<b>Bloque 1. Expresión plástica</b>				
• a • c • d • e • h	B1.1. A linguaxe plástica e visual na creación da composición artística.	B1.1. Realizar composicións creativas, individuais e en grupo, que evidencien as capacidades expresivas da linguaxe plástica e visual, desenvolvendo a creatividade e expresándoa preferentemente coa subxectividade da súa linguaxe persoal ou empregando os códigos, a terminoloxía e os procedementos da lingua- xe visual e plástica, co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación.	EPVAB1.1.1. Realiza composicións artísticas seleccionando e utilizando os elementos da linguaxe plástica e visual.	• CCEC
• a • d • g • n	B1.2. Leis da composición. B1.3. Leis da composición: movemento, ritmo e liñas de forza. B1.4. Cor como ferramenta simbólica.	B1.2. Realizar obras plásticas experimentando e utilizando diferentes soportes e técnicas, tanto analóxicas coma dixitais, valorando o esforzo de superación que supón o proceso creativo.	EPVAB1.2.1. Aplica as leis de composición, creando esquemas de movementos e ritmos, empregando os materiais e as técnicas con precisión. EPVAB1.2.2. Estuda e explica o movemento e as liñas de forza dunha imaxe. EPVAB1.2.3. Cambia o significado	• CCEC • CCEC • CCEC
• b • c • e • g	B1.5. Técnicas de expresión gráfico-plásticas. Experimentación con diversos materiais. B1.6. Interese pola investigación	B1.3. Elixir os materiais e as técnicas máis axeitadas para elaborar unha composición sobre a base duns obxectivos	EPVAB1.3.1. Coñece e elixe os materiais máis axeitados para a realización de proxectos artísticos.	• CCEC • CSIEE

**EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL. 4º DE ESO**

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
• n	sobre materiais, soportes, técnicas e ferramentas con fins concretos, así como a utilización das tecnoloxías da información nas creación propias. B1.7. Iniciativa, creatividade e autoesixencia no proceso de produción propio.	prefixados e da autoavaliación continua do proceso de realización.	EPVAB.1.3.2. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas, mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achega á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	• CCEC • CSIEE • CAA • CD
• b • c • e • g • n	B1.8. Seguimento do proceso de creación: bosquexo, proxecto, presentación final e avaliación (reflexión propia e avaliación colectiva). B1.9. Elaboración de proxectos plásticos de forma cooperativa.	B1.4. Realizar proxectos plásticos que comporten unha organización de forma cooperativa, valorando o traballo en equipo coma fonte de riqueza na creación artística.	EPVAB1.4.1. Entende o proceso de creación artística e as súas fases, e aplícao á produción de proxectos persoais e de grupo.	• CSIEE • CCEC
• d • f • l • n	B1.10. Lectura e valoración de obras artísticas e imaxes en distintos soportes. B1.11. Análise de distintas obras de arte situándoas na época, na técnica e no estilo aos que pertencen. Valoración do patrimonio artístico.	B1.5. Recoñecer en obras de arte a utilización de elementos e técnicas de expresión, apreciar os estilos artísticos, valorar o patrimonio artístico e cultural como un medio de comunicación e satisfacción individual e colectiva, e contribuír á súa conservación a través do respecto e divulgación das obras de arte.	EPVAB1.5.1. Explica, empregando unha linguaxe axeitada, o proceso de creación dunha obra artística, e analiza os soportes, os materiais e as técnicas gráfico-plásticas que constitúen a imaxe, así como os seus elementos compositivos. EPVAB1.5.2. Analiza e le imaxes de obras de arte e sitúaaas no período ao que pertencen.	• CSIEE • CCEC  • CSIEE • CCEC
<b>Bloque 2. Debuxo Técnico</b>				
• b • f • g • n • o	B2.1. Utensilios de debuxo técnico: estudo e manexo. B2.2. Trazados xeométricos: cuadriláteros, polígonos regulares e división da circunferencia. B2.3. Tanxencias e enlaces. B2.4. Aplicación dos procedementos de trazado de cuadriláteros, polígonos, tanxencias e enlaces no deseño de motivos xeométricos.	B2.1. Analizar a configuración de deseños realizados con formas xeométricas planas, creando composicións onde interveñan diversos trazados xeométricos, utilizando con precisión e limpeza os materiais de debuxo técnico.	EPVAB2.1.1. Diferencia o sistema de debuxo descritivo do perceptivo. EPVAB2.1.2. Resolve problemas sinxelos referidos a cuadriláteros e polígonos utilizando con precisión os materiais de debuxo técnico. EPVAB2.1.3. Resolve problemas básicos de tanxencias e enlaces. EPVAB2.1.4. Resolve e analiza problemas de configuración de formas xeométricas planas e aplícao á creación de deseños persoais.	• CAA • CMCCT  • CAA • CMCCT  • CAA • CMCCT  • CAA • CMCCT
• b • f • g • o	B2.5. Interpretación das pezas a través das súas vistas diédricas. B2.6. Trazado, medidas e posición correctas das vistas de pezas sinxelas. Liñas vistas e ocultas. Esbozo á man alzada e con utensilios de debuxo técnico. B2.7. Perspectiva cabaleira. Posición dos eixes e coeficiente de redución. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas	B2.2. Diferenciar e utilizar os sistemas de representación gráfica, recoñecendo a utilidade do debuxo de representación obxectiva no ámbito das artes, a arquitectura, o deseño e a enxeñaría.	EPVAB2.2.1. Visualiza formas tridimensionais definidas polas súas vistas principais. EPVAB2.2.2. Debuxa as vistas (alzado, planta e perfil) de figuras tridimensionais sinxelas. EPVAB2.2.3. Debuxa perspectivas de formas tridimensionais, utilizando e seleccionando o sistema de representación máis axeitado.	• CAA • CMCCT  • CAA • CMCCT  • CAA • CMCCT

**EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL. 4º DE ESO**

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
	B2.8. Sistema axonométrico: isometría. Posición dos eixes. Liñas vistas e ocultas. Rotulaxe. Escalas. B2.9. Perspectiva cónica central. B2.10. Perspectiva cónica oblicua. B2.11. Análise das posibilidades da posición do punto de vista.		EPVAB2.2.4. Realiza perspectivas cónicas frontais e oblicuas, elixindo o punto de vista máis adecuado.	• CAA • CMCCT
• b • e • i • o	B2.12. Debuxo asistido por computador. Trazado de pezas planas e tridimensionais sinxelas.	B2.3. Utilizar programas de debuxo por computador para construír trazados xeométricos e pezas sinxelas nos sistemas de representación.	EPVAB2.3.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación de deseños xeométricos sinxelos.	• CAA • CMCCT
<b>Bloque 3. Fundamentos do deseño</b>				
• a • c • d • f • h • l	B3.1. Análise das linguaxes visuais cotiás (arte, deseño, publicidade, etc.). B3.2. Fases do proceso de deseño. B3.3. Análise da estética e a funcionalidade do deseño industrial de obxectos. B3.4. Análise da estética e funcionalidade do feísmo arquitectónico.	B3.1. Percibir e interpretar criticamente as imaxes e as formas do seu ámbito cultural, con sensibilidade cara ás súas calidades plásticas, estéticas e funcionais, e apreciando o proceso de creación artística, en obras propias e alleas, e distinguir e valorar as súas fases.	EPVAB3.1.1. Coñece os elementos e as finalidades da comunicación visual.  EPVAB3.1.2. Observa e analiza os obxectos do contorno na súa vertente estética, de funcionalidade e de utilidade, utilizando a linguaxe visual e verbal.	• CSIEE • CCEC  • CCEC
• b • f • n	B3.5. Campos de aplicación do deseño.	B3.2. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe do deseño.	EPVAB3.2.1. Identifica e clasifica obxectos en función da familia ou a rama do deseño.	• CSIEE • CCEC
• b • e • f • g	B3.6. Deseño de composicións modulares utilizando trazados xeométricos. B3.7. Compoñentes da imaxe corporativa: nome, cor, tipografía, logotipo, deseño, etc. B3.8. Secuenciación e elaboración de proxectos creativos adaptados ás áreas do deseño. B3.9. Informática ao servizo dos proxectos de deseño. B3.10. Planificación dun proxecto artístico.	B3.3. Realizar composicións creativas que evidencien as calidades técnicas e expresivas da linguaxe do deseño adaptándoas ás áreas, e valorando o traballo en equipo para a creación de ideas orixinais.	EPVAB3.3.1. Realiza distintos tipos de deseño e composicións modulares utilizando as formas xeométricas básicas, estudando a organización do plano e do espazo.  EPVAB3.3.2. Coñece e planifica as fases de realización da imaxe corporativa dunha empresa.  EPVAB3.3.3. Realiza composicións creativas e funcionais adaptándoas ás áreas do deseño, valorando o traballo organizado e secuenciado na realización de calquera proxecto, así como a exactitude, a orde e a limpeza nas representacións gráficas.  EPVAB3.3.4. Utiliza as novas tecnoloxías da información e da comunicación para levar a cabo os seus propios proxectos artísticos de deseño.  EPVAB3.3.5. Planifica os pasos na realización de proxectos artísticos e respecta o realizado por compañeiros e compañeiras.	• CSIEE • CCEC  • CSIEE • CCEC  • CSIEE • CCEC  • CD • CSIEE • CCEC  • CSIEE • CCEC

**EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL. 4º DE ESO**

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
<b>Bloque 4. Linguaxe audiovisual e multimedia</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• h</li> <li>• n</li> <li>• ñ</li> </ul>	B4.1. Tipos de planos cinematográficos. Análise dos factores expresivos e a súa simboloxía. B4.2. Realización dun storyboard.	B4.1. Identificar os elementos que forman a estrutura narrativa e expresiva básica da linguaxe audiovisual e multimedia, e describir correctamente os pasos necesarios para a produción dunha mensaxe audiovisual, e valorando o labor de equipo.	EPVAB4.1.1. Analiza os tipos de plano que aparecen en películas cinematográficas, valorando os seus factores expresivos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			EPVAB4.1.2. Realiza un storyboard a modo de guión para a secuencia dunha película.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• e</li> <li>• l</li> <li>• n</li> <li>• o</li> </ul>	B4.3. Estudo de planos, angulacións e movementos de cámara no cine. B4.4. Criterios estéticos na elaboración de fotografías. B4.5. Finalidade expresiva das imaxes fotoxornalísticas.	B4.2. Recoñecer os elementos que integran as linguaxes audiovisuais e as súas finalidades.	EPVAB4.2.1. Ve películas cinematográficas nas que identifica e analiza os planos, as angulacións e os movementos de cámara.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			EPVAB4.2.2. Analiza e realiza fotografías, tendo en conta criterios estéticos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			EPVAB4.2.3. Compila imaxes de prensa e analiza as súas finalidades.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• e</li> <li>• f</li> <li>• g</li> </ul>	B4.6. Creación dixital de imaxes. B4.7. Deseño dun proxecto publicitario. B4.8. Desenvolvemento dun proxecto persoal.	B4.3. Realizar composicións creativas a partir de códigos utilizados en cada linguaxe audiovisual, amosando interese polos avances tecnolóxicos vinculados a estas linguaxes.	EPVAB4.3.1. Elabora imaxes dixitais utilizando programas de debuxo por computador.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			EPVAB4.3.2. Proxecta un deseño publicitario utilizando os elementos da linguaxe gráfico-plástica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			EPVAB4.3.3. Realiza un proxecto persoal seguindo o esquema do proceso de creación.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CD</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• a</li> <li>• c</li> <li>• d</li> <li>• f</li> <li>• h</li> <li>• n</li> <li>• o</li> </ul>	B4.9. Análise crítica da linguaxe publicitaria.	B4.4. Aposar unha actitude crítica ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade, rexeitando os elementos desta que supoñan discriminación sexual, social ou racial.	EPVAB4.4.1. Analiza elementos publicitarios cunha actitude crítica desde o coñecemento dos elementos que os compoñen.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>

**\* Estándares e Aprendizaxe imprescindibles**

## 2.1.4. CONSIDERACIÓNS SOBRE OS INDICADORES DE LOGRO E MÍNIMOS ESIXIBLES DOS ESTÁNDARES

Dado o perfil competencial da materia, establecido no apartado 2 da presente programación e os mínimos exixibles establecidos no apartado 3, os indicadores de logro dos estándares virán determinados pola súa consecución coa seguinte escala, a partir de aí, o profesor elaborará rúbricas na programación de aula cando sexa necesario:

- **Non alcanzado (25%)** : Non consegue o estándar ou o realiza con moita dificultade, solicitando axuda do docente, tendo documentación de apoio e exemplos claros.
- **Alcanzado (50%)** : Consegue o estándar, con certa dificultade, solicitando en ocasións axuda do docente, tendo documentación de apoio e exemplos claros pero de forma independente.
- **Ben (75%)** : Consegue o estándar, sen dificultade, de forma autónoma e independente, tendo documentación de apoio e exemplos claros.
- **Excelente (100%)** : Consegue o estándar, sen dificultade, de forma autónoma, independente e con precisión, tendo documentación de apoio e exemplos claros. Mostrando iniciativa e creatividade.

Os criterios xerais de calificación e instrumentos de avaliación figuran no apartado de Criterios de Calificación e Instrumentos de avaliación. Materias da ESO. Na sección Avaliación das materia de ESO.

**Para unha avaliación positiva na materia é necesario superar os mínimos exixibles para cada estándar de aprendizaxe.**

## 2.1.5. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### 2.2.5.1 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN

#### **Avaliación inicial**

Realizarase unha avaliación inicial pretendendo coñecer o grao de coñecemento da materia e algúns xeitos como: sentido estético, capacidade de observación, nivel de utilización dos materiais, capacidade de expresión, comportamento do grupo, disponibilidad de información... Os instrumentos serán cuestionarios, exercicios prácticos e test, e terán como referente os contidos do curso anterior.

Os mecanismos de información para as familias será por medio do titor mediante a hora de atención a pais. Segundo os resultados de devanditas probas poderán establecer as distintas metodoloxías : atención individualizada, reforzo en aula, adaptacións nas datas de entrega dos traballos, material de reforzo para casa , etc.

#### **Avaliación continua**

Para levar a cabo o modelo de avaliación continua vanse utilizar diversos instrumentos e procedementos de recollida de información. Entre eles merece grande importancia a valoración de cada un dos traballos realizados, tanto individualmente como en grupo, e recoñecendo non só o resultado final se non todo o proceso de realización así como as dificultades iniciais, investigacións e aportacións persoais, valorando:

- Orixinalidade
- Creatividade



- Calidade estética e presentación
- Adecuación ao tema proposto
- Observación do uso do material e cuidado do mesmo
- Capacidade de traballo en equipo
- Puntualidade e regularidade na entrega de exercicios

Os exercicios prácticos ou láminas han de presentarse regularmente e nos prazos marcados, devolveránselles unha vez corrixidas (se non se tratase de traballos feitos para certames ou concursos) para que se percaten de posibles erros. Como medida de reforzo recomendaráselles repetir aquelas que teñan moitos erros. É necesario presentar as láminas e os traballos prácticos para aprobar as avaliacións.

Ademais se realizarán algunhas probas específicas onde se pretende avaliar o grao de adquisición dos contidos das U.D. Ditas probas serán exercicios prácticos que se basearán nos contidos expostos na clase. Tamén se recollerán datos sobre a participación dos alumnos na clase, a hora de opinar, expor a súas ideas, buscar información, participar nos debates e seguir as clases e actividades con interese. Valorarásese a súa capacidade de reflexión e sentido crítico.

**Todos os traballos realizados devolveranse tres meses rematado o curso, é dicir, no mes de novembro.**

Os traballos poderanse corrixir segundo o profesor sobre papel ou en liña pola plataforma da EDIXGAL onde o alumno/a enviará a actividade como arquivo JPG e o profesor corrixiraa devolvendo o traballo pola mesma plataforma corrixido e acompañando corrección coa nota segundo a rúbrica de dita actividade.



### 2.1.5.2 CRITERIOS SOBRE A CUALIFICACIÓN (FINAL DE CURSO, RECUPERACIÓN, PROBA EXTRAORDINARIA DE XUÑO)

1. Para calcular a cualificación trimestral establécese a seguinte porcentaxe:

- **EXAMES : 20%** da nota.
  - **LÁMINAS/ACTIVIDADES : 70%** da nota.
  - **ACTITUDE na clase : 10%** da nota.
- 
- **LÁMINAS/ACTIVIDADES** (traballos na aula). Realiza as actividades encomendadas; presenta os traballos nos prazos sinalados; executa os traballos con precisión, orde e limpeza.
  - **EXAMES**. Asimila aqueles contidos que se consideran necesarios para interpretar; realiza a proba coidando a presentación con limpeza, orde, precisión e claridade na exposición dos conceptos ou na resolución de exercicios relacionados cos coñecementos adquiridos.
  - **ACTITUDE**. Observación sistemática do traballo individual, en grupo, participación, actitude (mostra interese pola asignatura e pola realización das actividades propostas; asiste a clase diariamente e con puntualidade; compórtase correctamente e traballa na aula; respecta a estrutura de traballo da aula e as intervencións do docente e dos/as seus/súas compañeiros/as; coida o material propio e da aula; participa activamente nos traballos en grupo; observarase con especial atención o feito de que o/a alumno/a traia diariamente o material necesario para o desenvolvemento da clase.

2. Cando non se realicen controis, a media será só dos exercicios (de deseño, debuxo artístico, debuxo técnico) e os traballos escritos.

**Cualificación trimestral das actividades, láminas e probas (80%):**

- 1) Faise a nota media de todos as actividades e láminas.
- 2) Faise a nota media de todos os controis (salvo que haxa un só control).
- 3) Faise a media total (das dúas notas anteriores).

**Cualificación trimestral das anotacións sobre traballo e observación na aula (20%)**

**Valórase:**

- Caderno de bosquexos completado correctamente, coidando a ortografía e a terminoloxía específica da materia.
- Colaboración con outros compañeiros na realización de tarefas, especialmente os que teñan N.E.E.
- Participación constructiva en diálogos e debates, así como en actividades complementarias e traballos de investigación do Departamento de Artes Plásticas.
- Valórase positivamente a visita a museos, exposicións e monumentos de interese cultural e artístico.
- Respecto da entrega de actividades e láminas, cando o alumno o fai fóra de prazo, a nota será máis baixa, ata un máximo do 10% de redución.

Todos os estándares que teñen por instrumento de avaliación o traballo de clase non poden ser avaliados se o alumno non trae o material para realizar devandito traballo . É por isto **fundamental o traer o material todos os días de clase.**

3. **CUALIFICACIÓN FINAL DE CURSO:** a nota final de curso obtense calculando a media aritmética entre os tres trimestres.
  
4. **RECUPERACIÓNS:** o profesor informará ao longo do curso da posibilidade de repetir actividades ou láminas para subir nota, así como da posibilidade de realizar exames de recuperación por trimestre ou en xuño.
  
5. **PROBA EXTRAORDINARIA DE XUÑO:** Esta proba extraordinaria, polo seu carácter global xa que abrangue a todo o curso, será única e incluírá os estándares avaliábles máis relevantes desenvolvidos durante o curso. No caso de alumnos/as con adaptacións curriculares ou circunstancias especiais, empregaranse os estándares incluídos nas ditas adaptacións curriculares.

#### **Características de proba:**

**Proba específica e finalista.** Esta proba incidirá nos apartados máis relevantes desenvolvidos durante o curso e a avaliación continua.

- A cualificación irá do 1 a 10, sendo 5 a puntuación mínima para superar a proba. Terase en conta os contidos mínimos expostos nos estándares mencionados no recadro azul.
  
- Apartados relevantes en 4º da ESO

- Os apartados relevantes serán: A plástica como medio de expresión do ser humano e as súas vivencias (Formas subxectivas). O cómic, como medio de expresión e a forma obxectiva (Debuxo Técnico) como a medida na representación gráfica.
- Duración da proba, 1 hora e 30 minutos.
- A cualificación por parte do profesor farase tendo en conta o tratamento dos contidos mínimos expostos nos estándares de cada un dos apartados mencionados no recadro correspondente e a corrección basearase na rúbrica que corresponde con resultado de media ponderada finalista.

## 6. AVALIACIÓN FINAL DA ESO

*Ao aveiro da Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanza de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, é preciso concretar como se vai a desenvolver a avaliación final na ESO.*

Tras a realización das tres avaliacións parciais, haberá unha avaliación final da materia no que todo alumnado será avaliado de forma global atendendo a dúas posibilidades:

### A. ALUMNADO COA MATERIA SUPERADA.

Considérase que **un/a alumno/a superou a materia** cando a media das tres avaliacións parciais é igual o superior a 5.

Neste caso o periodo abranguido entre a terceira avaliación parcial e avaliación final dedicarse a *actividades de reforzo e ampliación* deseñadas polo profesor.

Os traballos de ampliación poderán repercutir positivamente na nota cun incremento de ata un máximo dun 10% sempre que o alumno/a colabore activamente nas actividades propostas. Esta nota obterase segundo a cualificación dunha rúbrica específica.

## B. ALUMNADO COA MATERIA NON SUPERADA.

Considérase que **un/a alumno/a non superou a materia** cando a media aritmética entre as tres avalacións parciais é inferior a 5.

Neste caso o periodo abranguido entre a terceira avaliación parcial e avaliación final dedicarse a *actividades de reforzo e recuperación*.

**B.1.** Cando a recuperación se corresponda con toda a materia ou materia de avaliacións parciais, o alumnado realizará as actividades e as probas correspondentes que se calificará do seguinte xeito:

Actividades de reforzo e recuperación	70%
Proba final	30%

**B.2.** O alumnado que non superase a materia pendente de cursos pasados en maio terá unha nova oportunidade no periodo abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final. neste caso terán unha proba obxectiva que se corresponderá co 100% da nota final.

## 2.1.6. RECURSOS E MATERIAIS. ACTIVIDADES E TAREFAS

### 1. MATERIAIS PARA DEBUXO ARTÍSTICO E XEOMÉTRICO

- Lapis duros: 2H e lapis brandos: B, 4B.
- Compás con adaptador para lapis ou rotógrafo (Rotulador calibrado).
- Rotulador negro 0'8 mm.
- Escuadro, cartabón e regra milimetrada (mínimo 30 cm.).
- Lapis a cores.

- Ceras.
- Acrílicos de cores (cores primarias máis branco e negro).
- Pinceis planos e redondos finos.
- Paleta de mesturas.
- Caderno de debuxo A4 (para bosquexos).
- Caderno de debuxo A3, grosor mínimo 150gr.
- Cartafol tamaño A3 con solapas e gomas para gardar e transportar o material.

## 2. ACTIVIDADES E TAREFAS

Constarán do seguinte:

- **Tarefas básicas**, onde o estudante abordarán temáticas relacionadas con conceptos básicos da expresión plástica, así coma aspectos introdutorios a tarefas complexas.
  - Xogos.
  - Vídeos.
  - Simulacións ou actividades na rede. Flash.
  - Cuestionarios.
  - Preguntas.
  - Traballos gráficos e plásticos. Analóxicos e dixitais.

- **Tarefas complexas ou proxectos** que conterán varias tarefas básicas para confluír nun produto final.
  - Webquest / Edmodo. O proxecto presentarase ao estudante por estes medios.
  - Obradoiros gráficos e de dramatización. Faranse actividades con técnicas artísticas e representación de historias creadas polos estudantes ou lendas recollidas na vila.

- **Producións dos estudantes**

As producións serán aquelas tarefas básicas ou complexas que o estudante realice ao longo de todo o curso. Estas quedaran recollidas na aula virtual, EDMODO, na web ([www.conversacaoarte](http://www.conversacaoarte)), en vídeo ou presentarase fisicamente.

- Informes dos xogos para o aprendizaxe.
- Cuestionarios / Test.
- **Tarefas individuais** : Producións dixitais e analóxicas. Tanto no artístico como no análise das formas obxectivas.
- **Proxecto** : Producións das tarefas da Webquest/Presentación/vídeo tanto individual como en grupo.
- Guións e cómics.
- Storyboard (Cómic).

## 2.1.7. PROCESO AVALIADOR

O proceso avaliador, será bidireccional.

- Autoavaliación por medio de rúbricas. Nas tarefas individuais.
- Coavaliación por medio de rúbricas. Nas tarefas de grupo.

Exemplo de rúbrica:

RÚBRICA DE AVALIACIÓN EDUCACIÓN PLÁSTICA VISUAL E AUDIOVISUAL							
Alumno/a:			Curso e grupo: 4ºESO_EPVA	Data:	Nota inicial 0-10	Ponderación %	NOTA
Título: COMPOSICIÓN CON CIRCUNFERENCIAS			Tipo de traballo: ACTIVIDADE	Número:			
CRITERIOS	Excelente	Bo	Adecuado	Mellorable	0-10	%	NOTA
	10-9	8-7	6-5	4-0			
1. EXPRESION E DESCRIPCIÓN	É capaz de <b>interpretar, describir e expresar</b> con <u>gran seguridade</u> e de forma moi adecuada a <b>idea da obra</b> , atendendo ao estilo e a realización desta.	É capaz de interpretar, describir e expresar a idea da obra <u>con seguridade</u> e atendendo de forma adecuada ao estilo e á realización desta.	Interpreta, expresa e describe a idea da obra con <u>pouca seguridade</u> e atendendo medianamente ao seu estilo e realización.	Ten <u>bastante dificultade</u> para interpretar, expresar e describir a idea da obra, atendendo ao seu estilo e realización.	10	20 %	2
2. CREATIVIDADE E ORIXINALIDADE	O traballo é elaborado con <u>gran imaxinación resolutiva</u> , <u>excepcionalmente creativo/a e orixinal</u> .	O traballo é <u>creativo e orixinal</u> e para a súa resolución utiliza <u>variedade de ideas</u> .	O traballo é creativo aínda que <u>pouco orixinal</u> e sen unha resolución totalmente convincente utilizando <u>poucas ideas</u> .	O traballo é <u>pouco ou nada creativo e orixinal</u> e <u>non presenta variedade de ideas</u> para a súa resolución.	10	25 %	2,5
3. USO DE MATERIAIS E RECURSOS	Utiliza todos os <u>materiais necesarios dun xeito adecuado e eficaz</u> en cada formulación ( <u>dureza grafito, goma, uso da cor...</u> ).	Utiliza os materiais necesarios dun <u>xeito adecuado en cada formulación</u> (dureza grafito, goma, uso da cor...).	Utiliza os materiais necesarios en cada formulación dureza grafito, goma, uso da cor..., aínda que <u>ás veces non o fai de forma adecuada</u> .	Utiliza só algúns dos materiais necesarios en cada formulación (dureza grafito, goma, uso da cor...), e a <u>miúdo non o fai de xeito adecuado</u> .	10	15 %	1,5
4. DEBUXO	O debuxo é <u>expressivo e detallado</u> . As formas, o sombreado e/ou a textura son usadas para engadir interese ao debuxo. Ten <u>gran control</u> .	O debuxo é expresivo e de algunha maneira detallado. Usouse pouco sombreado ou textura.	O debuxo ten moi poucos patróns. É principalmente representativo con moi pouco uso sombreado ou textura. Necesita mellorar o seu control.	Ao debuxo fáltalle case todos os detalles ou non está claro que se intentaba co debuxo. Necesita máis traballo.	10	20 %	2
5. PRESENTACION E PRODUCTO FINAL	Termina o seu traballo con <u>excelente presentación e limpeza</u> e logrando <u>todos os obxectivos e instrucións asignadas</u> .	Termina o seu traballo con <u>boa presentación e limpeza</u> , logrando <u>case todos os obxectivos e instrucións asignadas</u> .	Termina o seu traballo cumprindo <u>parte dos obxectivos e instrucións asignadas</u> .	Cumpe <u>moi poucos dos obxectivos e instrucións asignados</u> .	10	10 %	1
6. PRAZOS DE ENTREGA	<u>Sen retrasos</u> .	Retrásase <u>un día</u> (sesión).	Retrásase <u>dous días</u> (sesións).	Retrásase <u>máis de tres días</u> (sesións).	10	10 %	1
<b>NOTA FINAL</b>							<b>10</b>



# BACHARELATO

### 3.1. DEBUXO ARTÍSTICO DE 2º BAC

*Decreto 85/2015 do 29 de Xuño. DOG nº 120*

#### 3.1.1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O Debuxo, como linguaxe das imaxes, dá resposta á necesidade natural de comunicación que ten o ser humano, xa que lle permite a transmisión de ideas, descrições e expresión dos propios sentimentos. A capacidade de ver, recoñecer e comprender visualmente as formas e mensaxes icónicas supera amplamente ao resto dos sentidos en eficacia e inmediatez, o cal supón unha poderosa ferramenta de coñecemento. A linguaxe do Debuxo, polo seu carácter universal, sitúase por encima de barreiras idiomáticas facilitando a fluidez de relacións interculturales.

No Debuxo Artístico, os contidos da materia teñen en conta o punto de partida do alumnado, e preténdese unha solución de continuidade da anterior etapa e unha maior especialización no dominio da linguaxe do Debuxo. Doutra banda, a asignatura debe asumir, tamén, as responsabilidades derivadas do seu carácter fundamental para o estudo das Artes e o Deseño en etapas posteriores. É a súa función, polo tanto, lograr unha educación da sensibilidade que permita o goce e a utilización dos códigos artísticos.

O desenvolvemento dos contidos de Debuxo Artístico II obriga a súa aproximación de forma obxectiva; préstase máis atención ao vocabulario dos elementos que constitúen a forma e á representación e organización elemental dos corpos no espazo.

Estructurase en cinco bloques de contido:

**O debuxo como ferramenta.** Valoración do debuxo como ferramenta do pensamento e como fin en se mesmo en manifestacións gráfico-plásticas pertencentes a diferentes contextos históricos e culturais .

**Liña e Forma.** Trata do coñecemento e emprego da terminoloxía, dos materiais e os procedementos propios da materia. Estúdanse os elementos sintácticos que interveñen na configuración das formas planas, e co seu dominio, especialmente no emprego da liña, abórdase a comprensión e representación de formas volumétricas de estrutura sinxela.

**A composición e os seus fundamentos.** Ocúpase de proporcionar aos alumnos e alumnas os recursos necesarios para a organización do espazo, e para a comprensión das relacións que se establecen na asociación de formas illadas.

**A luz. O claroscuro e a textura e A cor .** Introdúcese ao alumnado nos recursos materiais e nos procedementos para a valoración mediante a mancha, que con axuda dos recursos lineais dá solución á representación da tridimensionalidade. A cor debe aplicarse a formas similares ás estudadas, que permitan comprender a súa teoría mediante aplicacións prácticas. Tamén o estudo de grandes artistas e estilos artísticos tales como o Barroco servirán como exemplo do tratado da luz.


CARACTERÍSTICAS DO NIVEL DE ALUMNOS	
<b>Nº de grupos:</b>	1 (A,B,C,D)
<b>Observacións:</b>	Os alumnos e alumnas deste nivel afianzarán e apliarán os coñecementos da anterior curso. Empregarán os mesmos materiais. Haberá novidades como fotografía, polo que o emprego das ampliadoras do laboratorio de fotografía para revelado estarán montadas e listas para o seu uso.

**3.1.2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE:  
PERFÍS COMPETENCIAIS**

**3.1.3.2. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN DE ESTÁNDARES PARA SUPERAR A  
MATERIA E PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.**

No apartado de Aspectos Xerais desta Programación están establecidas as contribucións desta materia ás competencias clave.

Quedando, para o nivel de 2º de bacharelato de Debuxo Artístico, o seguinte perfil competencial :



### 3.1.3. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE:

#### 3.1.3.1. TEMPORALIZACIÓN

No seguinte recadro amósanse a distribución dos contidos dos bloques ao logo das avaliacións, tendo en conta que os bloques segundo o seu contido, varían en cada avaliación para así distribuir mellor as prácticas dos traballos e así poder facer debuxo de exterior.

DEBUXO ARTÍSTICO II. 2º DE BACHARELATO		
1º AVALIACIÓN	2ª AVALIACIÓN	3ª AVALIACIÓN
CONTIDOS	CONTIDOS	CONTIDOS
<b>Bloque 3. Debuxo e perspectiva</b>	<b>Bloque 2. A expresión da subxectividade</b>	<b>Bloque 5. O debuxo no proceso creativo</b>
B3.1. Valoracións da aparencia formal respecto ao punto de vista perceptivo. B3.2. Representación da forma con fins expresivos.	B2.1. Psicoloxía da forma e a composición. Estudo e aplicación dos elementos compositivos que rexen a intención expresiva das creacións plásticas. B2.2. Comportamento e interrelación das formas tridimensionais no espazo. B2.3. Valor expresivo da luz e da cor. B2.4. Ruptura da tradición figurativa e nacemento de novas interpretacións da realidade.	B5.1. Técnicas secas máis comúns e a súa aplicación no proceso creativo. B5.2. Introducción ás técnicas húmidas e a súa aplicación no proceso creativo. Emprego das ferramentas TIC nos procesos creativos. B5.3. Actitude creativa
<b>Bloque 1. A forma. estudo e transformación</b>	<b>Bloque 4. O corpo humano como modelo</b>	
B1.1. Percepción e descrición obxectiva da forma. B1.2. Modelo analítico e modelo sintético. B1.3. Retentiva e memoria visual. Consideracións mnemotécnicas.	B4.1. Análise da figura humana. Relacións de proporcionalidade. B4.2. Nocións básicas de anatomía artística. B4.3. Estudo e representación do movemento da figura humana. B4.4. Antropometría. Relacións da figura humana co espazo arquitectónico e co contorno natural.	

Na seguinte táboa, concrétnanse para cada estándar de aprendizaxe avaliable a súa temporalización, o seu grao mínimo de consecución (ou se é mínimo esixible) e os instrumentos e procedementos de avaliación estruturados por unidades didácticas.

DEBUXO ARTÍSTICO II. 2º DE BACHARELATO				
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
<b>Bloque 1. A forma. Estudo e transformación</b>				
• b • i • m • n • d • g	B1.1. Percepción e descrición obxectiva da forma.	B1.1. Desenvolve a destreza debuxística con distintos niveis de iconicidade.	DA2.B1.1.1. Interpreta e aplica formas ou obxectos atendendo a diversos graos de iconicidade, con diferentes técnicas gráficas e segundo as súas funcións comunicativas (ilustrativas, descritivas, or- namentais ou subxectivas).	• CSIEE • CCEC
• b • i • m • n • D • g	B1.2. Modelo analítico e modelo sintético. B1.3. Retentiva e memoria visual. Consideracións mnemotécnicas.	B1.2. Interpretar unha forma ou un obxecto segundo as súas intencións comunicativas.	DA2.B1.1.2. Analiza a configuración das formas naturais e artificiais discriminando o esencial das súas características formais, mediante a execución gráfica e a discusión verbal e escrita.	• CCEC • CD
<b>Bloque 2: A expresión da subxectividade</b>				
• b • i • m • n • d • G	B2.1. Psicoloxía da forma e a composición. Estudo e aplicación dos elementos compositivos que rexen a intención expresiva das creacións plásticas.	B2.1. Desenvolver a capacidade de representación das formas mediante a memoria e a retentiva visual.	DA2.B2.1.1. Representa formas aprendidas mediante a percepción visual e táctil atendendo ás súas características formais esenciais.	• CSIEE • CCEC
• b • i • m • n • d • g • p	B2.2. Comportamento e interrelación das formas tridimensionais no espazo.	B2.2. Elaborar imaxes con distintas funcións expresivas utilizando a memoria e a retentiva visual.	DA2.B2.2.1. Expresa sentimentos e valores subxectivos mediante a representación de composicións figurativas e abstractas de formas e cores (funcións expresivas). DA2.B2.2.2. Experimenta con métodos creativos de memorización e retentiva para procurar distintas representacións mediante valores lumínicos, cromáticos e compositivos, dun mesmo obxecto ou composición.	• CCL • CCEC • CAA
• b • i • m • n • d • p	B2.3. Valor expresivo da luz e da cor. B2.4. Ruptura da tradición figurativa e nacemento de novas interpretacións da realidade.	B2.3. Investigar sobre a expresividade individual, coa linguaxe propia da expresión gráfico-plástica.	DA2.B2.3.1. Analiza de forma verbal e escrita, individual e colectivamente, obras propias ou alleas, atendendo aos seus valores subxectivos.	• CCL
<b>Bloque 3. Debuxo e perspectiva</b>				
• b • i	B3.1. Valoracións da aparencia formal respecto ao punto de vista	B3.1. Representar graficamente con diferentes	DA2.B3.1.1. Comprende e representa as formas desde distintos puntos de vista.	• CSC

DEBUXO ARTÍSTICO II. 2º DE BACHARELATO				
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>• m</li> <li>• n</li> <li>• d</li> <li>• g</li> <li>• p</li> </ul>	perceptivo. B3.2. Representación da forma con fins expresivos.	niveis de iconicidade, as formas, illadas ou nunha composición, o contorno inmediato, interiores e exteriores, expresando as características espaciais e de proporcionalidade, e valores lumínicos e cromáticos.	DA2.B3.1.2. Observa o contorno como un elemento de estudo gráfico e elabora composicións cromáticas e lineais, atendendo ás variacións formais segundo o punto de vista.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
Bloque 4. O corpo humano como modelo				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• i</li> <li>• m</li> <li>• n</li> <li>• d</li> <li>• g</li> </ul>	B4.1. Análise da figura humana. Relacións de proporcionalidade.	B4.1. Analizar as relacións de proporcionalidade da figura humana.	DA2.B4.1.1. Comprende a figura humana como un elemento de estudo gráfico e expresivo, mediante a observación e a reflexión de obras propias e alleas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> </ul>
			DA2.B4.1.2. Analiza a figura humana atendendo ás súas relacións de proporcionalidade mediante a observación do natural ou con modelos estáticos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• i</li> <li>• m</li> <li>• n</li> <li>• d</li> <li>• g</li> </ul>	B4.4. Antropometría. Relacións da figura humana co espazo arquitectónico e co contorno natural.	B4.3. Experimentar cos recursos gráfico-plásticos para representar o movemento e a expresividade da figura humana.	DA2.B4.3.1. É capaz de representar e captar o movemento da figura humana de forma gráfico-plástica aplicando diferentes técnicas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> </ul>
			DA2.B4.3.2. Elabora imaxes con distintos procedementos gráfico-plásticos e diversas funcións expresivas coa figura humana como suxeito.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
Bloque 5. O debuxo no proceso creativo				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• i</li> <li>• m</li> <li>• n</li> <li>• d</li> <li>• g</li> </ul>	B5.1. Técnicas secas máis comúns e a súa aplicación no proceso creativo.	B5.1. Coñecer e aplicar as ferramentas dixitais de debuxo e as súas aplicacións na creación gráfico-plástica.	DA2.B5.1.1. Coñece e aplica as ferramentas do debuxo artístico dixital utilizando as TIC en procesos creativos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CD</li> </ul>
			DA2.B5.2.1. Valora a importancia do debuxo artístico nos procesos proxectivos elaborando proxectos conxuntos con outras disciplinas artísticas ou non do mesmo nivel ou externos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• i</li> <li>• m</li> <li>• n</li> <li>• d</li> <li>• g</li> </ul>	B5.2. Introducción ás técnicas húmidas e a súa aplicación no proceso creativo. Emprego das ferramentas TIC nos procesos creativos.	B5.2. Valorar a importancia do debuxo como ferramenta do pensamento e do coñecemento da súa terminoloxía, dos materiais e dos procedementos para desenvolver o proceso creativo con fins artísticos, tecnolóxicos ou científicos, así como as posibilidades das TIC.	DA2.B5.2.2. Demostra creatividade e autonomía nos procesos artísticos, propondo solucións gráfico-plásticas que afiancen o seu desenvolvemento persoal e a súa autoestima.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			DA2.B5.2.3. Está orientado/a e coñece as posibilidades do debuxo artístico nas ensinanzas artísticas, tecnolóxicas e científicas con exemplos claros e contacto directo con artistas, deseñadores/as, científicos/as e técnicos/as.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCCT</li> <li>• CAA</li> </ul>
			DA2.B5.2.4. Selecciona, relaciona e emprega con criterio a terminoloxía específica en postas en común dos seus proxectos individuais ou colectivos, fomentando a participación activa e a crítica construtiva.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> </ul>

DEBUXO ARTÍSTICO II. 2º DE BACHARELATO				
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
			DA2.B5.2.5. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> <li>• CCL</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• i</li> <li>• m</li> <li>• n</li> <li>• d</li> <li>• g</li> </ul>	B5.3. Actitude creativa	B5.3. Amosar unha actitude autó-noma e responsable, respectando as producións propias e alleas, así como o espazo de traballo e as pautas indicadas para a realización de actividades, achegando á aula todos os materiais necesarios.	DA2.B5.3.1. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en perfecto estado, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> </ul>

**\* Estándares e Aprendizaxe imprescindibles**



### 3.1.4. CONSIDERACIÓNS SOBRE OS INDICADORES DE LOGRO E MÍNIMOS ESIXIBLES DOS ESTÁNDARES

Dado o perfil competencial da materia, establecido no apartado 2 da presente programación e os mínimos exixibles establecidos no apartado 3, os indicadores de logro dos estándares virán determinados pola súa consecución coa seguinte escala, a partir de aí, o profesor elaborará rúbricas na programación de aula cando sexa necesario:

- **Non alcanzado (25%)** : Non consegue o estándar ou o realiza con moita dificultade, solicitando axuda do docente, tendo documentación de apoio e exemplos claros.
- **Alcanzado (50%)** : Consegue o estándar, con certa dificultade, solicitando en ocasións axuda do docente, tendo documentación de apoio e exemplos claros pero de forma independente.
- **Ben (75%)** : Consegue o estándar, sen dificultade, de forma autónoma e independente, tendo documentación de apoio e exemplos claros.
- **Excelente (100%)** : Consegue o estándar, sen dificultade, de forma autónoma, independente e con precisión, tendo documentación de apoio e exemplos claros. Mostrando iniciativa e creatividade.

Os criterios xerais de calificación e instrumentos de avaliación figuran no apartado de Criterios de Calificación e Instrumentos de avaliación. Materias de bacharelato. Na sección Avaliación das materia de bacharelato.

**Para unha avaliación positiva na materia é necesario superar os mínimos exixibles para cada estándar de aprendizaxe.**

## **CONTIDOS:**

### **A forma, estudo e transformación.**

- Percepción e descrición obxectiva da forma.
- Modelo analítico e modelo sintético.
- Retentiva e memoria visual. Consideracións mnemotécnicas.

### **A expresión da subxectividade.**

- Psicoloxía da forma e a composición. Estudo e aplicación dos elementos compositivos que rexen a intención expresiva das creacións plásticas.
- Comportamento e relación entre si das formas tridimensionais no espazo.
- Valor expresivo da luz e da cor.
- Ruptura da tradición figurativa e nacemento de novas interpretacións da realidade.

### **Debuxo e perspectiva.**

- Valoracións da aparencia formal respecto ao punto de vista perceptivo.
- Representación da forma con fins expresivos.

### **O corpo humano como modelo.**

- Análise da figura humana. Relacións de proporcionalidade.
- Nacións básicas de anatomía artística.
- Estudo e representación do movemento da figura humana.

- Antropometría. Relacións da figura humana co espazo arquitectónico e co contorno natural.

#### **O debuxo no proceso creativo.**

- Técnicas secas máis comúns e a súa aplicación no proceso creativo.
- Introducción ás técnicas húmidas e a súa aplicación no proceso creativo. Emprego das ferramentas TIC nos procesos creativos.
- Actitude creativa.

### **3.1.5. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

#### **3.1.5.1 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN**

##### **Avaliación inicial**

Realizarase unha avaliación inicial pretendendo coñecer o grao de coñecemento da materia e algúns xeitos como: sentido estético, capacidade de observación, nivel de utilización dos materiais, capacidade de expresión, comportamento do grupo, disponibilidad de información... Os instrumentos serán cuestionarios, exercicios prácticos e test, e terán como referente os contidos do curso anterior.

Os mecanismos de información para as familias será por medio do titor mediante a hora de atención a pais. Segundo os resultados de devanditas probas poderán establecer as distintas metodoloxías : atención individualizada, reforzo en aula, adaptacións nas datas de entrega dos traballos, material de reforzo para casa , etc.

### **Avaliación continua**

Para levar a cabo o modelo de avaliación continua vanse utilizar diversos instrumentos e procedementos de recollida de información. Entre eles merece grande importancia a valoración de cada un dos traballos realizados, tanto individualmente como en grupo, e recoñecendo non só o resultado final se non todo o proceso de realización así como as dificultades iniciais, investigacións e aportacións persoais, valorando:

- Orixinalidade
- Creatividade
- Calidade estética e presentación
- Adecuación ao tema proposto
- Observación do uso do material e cuidado do mesmo
- Capacidade de traballo en equipo
- Puntualidade e regularidade na entrega de exercicios

Os exercicios prácticos ou actividades han de presentarse regularmente e nos prazos marcados, devolveránselles unha vez correxidas (se non se tratase de traballos feitos para certames ou concursos) para que se percaten de posibles erros. Como medida de reforzo

recomendaráselles repetir aquelas que teñan moitos erros. É necesario presentar as actividades e os traballos prácticos para aprobar as avaliacións.

Ademais realizaranse algunhas probas específicas onde se pretende avaliar o grao de adquisición dos contidos das U.D. Ditas probas serán exercicios prácticos que se basearán nos contidos expostos na clase. Tamén se recollerán datos sobre a participación dos alumnos na clase, a hora de opinar, expor a súas ideas, buscar información, participar nos debates e seguir as clases e actividades con interese. Valorarás a súa capacidade de reflexión e sentido crítico.

**Todos os traballos realizados devolveranse tres meses rematado o curso, é dicir, no mes de novembro.**

Os traballos poderanse corrixir aseguno o profesor sobre papel ou en liña pola plataforma da AULA VIRTUAL onde o alumno/a enviará a actividade como arquivo JPG e o profesor devolverá o traballo pola mesma plataforma corrixido e acompañando coa nota segun a rúbrica de dita actividade.

### 3.1.5.2 CRITERIOS SOBRE A CUALIFICACIÓN (FINAL DE CURSO, RECUPERACIÓN, PROBA EXTRAORDINARIA DE XUÑO)

1. A calificación final será a media da calificación das tres avaliacións. A calificación de cada avaliación corresponderá á nota media ponderada de exames, láminas de traballo e actitude na clase.

#### PORCENTAXES DE AVALIACIÓN

- EXAMES : 30%
  - LÁMINAS de actividade: 60%
  - ACTITUDE na clase : 10%
- 
- **LÁMINAS de actividade.** (traballos na aula). Realiza as actividades encomendadas; presenta os traballos nos prazos sinalados; executa os traballos con precisión, orde e limpeza.
  - **EXAMES.** Assimila aqueles contidos que se consideran necesarios para interpretar; realiza a proba coidando a presentación con limpeza, orde, precisión e claridade na exposición dos conceptos ou na resolución de exercicios relacionados cos coñecementos adquiridos.
  - **ACTITUDE.** Observación sistemática do traballo individual, en grupo, participación, actitude (mostra interese pola asignatura e pola realización das actividades propostas; asiste a clase diariamente con puntualidade; compórtase correctamente e traballa na aula; respecta a estrutura de traballo da aula e as intervencións do docente e dos/as seus/súas compañeiros/as; coida o material propio e da aula; participa activamente nos traballos en grupo; observarase con especial atención o feito de que o/a alumno/a traia diariamente o material necesario para o desenvolvemento da clase.
- 
- A calificación mínima para o aprobado será de 5. A calificación mínima en cada avaliación será de 4 para poder facer media das demais avaliacións. De ser inferior haberá de recuperarse en exames extraordinarios onde só se valorará a nota do exame.
  - As láminas de traballo terán carácter obrigatorio debéndose entregar como máximo a semana anterior á avaliación.

- **EXAMES**

- Valorarase o acabado do debuxo e a maior resolución do exercicio así como os seus detalles e sombreado.

- **LÁMINAS de actividade**

- As láminas de actividade haberá que realizalas na clase e como tarefa para casa. Valorarase o acabado, sombreados, a precisión, a adecuada mestura de cores a a súa aplicación no papel, limpeza e sobre todo a creatividade e orixinalidade do debuxo.

2. Cando non se realicen exames, a media será só das láminas (debuxo técnico) e os traballos teóricos.

**Cualificación trimestral das actividades, láminas e probas (60%):**

- 1) Faise a nota media de todos as láminas de actividades.
- 2) Faise a nota media de todos os exames (salvo que haxa un só exame).
- 3) Faise a media total (das dúas notas anteriores).

**Cualificación trimestral das anotacións sobre traballo e observación na aula.**

**Valórase:**

- Caderno de bosquexos completado correctamente, coidando a ortografía e a terminoloxía específica da materia.
- Colaboración con outros compañeiros na realización de tarefas, especialmente os que teñan N.E.E.

- Participación constructiva en diálogos e debates, así como en actividades complementarias e traballos de investigación do Departamento de Artes Plásticas.
- Valórase positivamente la visita a museos, exposicións e monumentos de interese cultural e artístico.
- Respecto da entrega de actividades e láminas, cando o alumno o fai fóra de prazo, a nota será máis baixa, ata un máximo do 10% de redución.

Todos os estándares que teñen por instrumento de avaliación o traballo de clase non poden ser avaliados se o alumno non trae o material para realizar devandito traballo . É por isto **fundamental o traer o material todos os días de clase.**

3. **CUALIFICACIÓN FINAL DE CURSO:** a nota final de curso obtense calculando a media aritmética entre os tres trimestres.
4. **RECUPERACIÓNS :** o profesor informará ao longo do curso da posibilidade de repetir actividades ou láminas para subir nota, así como da posibilidade de realizar exames de recuperación por trimestre ou en xuño.
5. **PROBA EXTRAORDINARIA DE XUÑO :** Esta proba extraordinaria, polo seu carácter global xa que abrangue a todo o curso, será única e incluírá os estándares avaliábles máis relevantes desenvolvidos durante o curso, empregando os estándares incluídos nas ditas adaptacións curriculares. No caso de alumnos/as con necesidades especiais, adoitaranse as



medidas necesarias para o seu desenvolvemento; ampliar o tempo establecido da proba, adecuación do espazo as necesidades de iluminación, etc.

### Características de proba:

**Proba específica e finalista.** Esta proba incidirá nos apartados máis relevantes desenvolvidos durante o curso e a avaliación continua.

- **A cualificación** irá do 1 a 10, sendo 5 a puntuación mínima para superar a proba. Terase en conta os contidos mínimos expostos nos estándares mencionados na táboa xa descrita.

### Apartados relevantes en 2º de Bacharelato Debuxo Artístico:

- Os apartados relevantes serán: **Análise da forma.** Encaixe con claroscuro dunha composición de modelo real ou imaxinario de 35x50 cm. E unha **composición a cores** de modelo real ou imaxinario de 35x50 cm.
- Distribución temporal: 2 horas.
- **A cualificación** por parte do profesor farase tendo en conta o tratamento dos contidos mínimos expostos nos estándares de cada un dos apartados mencionados no recadro azul con resultado de media ponderada finalista. s de cada un dos apartados mencionados no recadro azul con resultado de media ponderada finalista. A nota final reflectirase na respectiva RÚBRICA do exercicio a desenvolver.

### 3.2.6. RECURSOS E MATERIAIS. ACTIVIDADES E TAREFAS

- Lapis: brandos: B, 2B, 6B.
- Carbón. Carbón prensado en barra ou lapis.
- Goma branda.
- Xiz ou barras de pastel de cores.
- Técnicas húmidas: pintura acrílica (cores primarias, negro e branco).

- Técnicas húmidas: tinta chinesa / nogalina.
- Paleta de mesturas.
- Pinceis: plano tamaño medio e redondo fino.
- Caderno de debuxo A4. Bosquexos.
- Caderno de debuxo A3 grosor mínimo de 150 gr.
- Papel Ingres ou cabalo de 50x70 e 100x70 cm.

### 3.1.7. PROCESO AVALIADOR

O proceso avaliador, será bidireccional.

- Autoavaliación por medio de rúbricas. Nas tarefas individuais.
- Coavaliación por medio de rúbricas. Nas tarefas de grupo.

Exemplo de rúbrica:

RÚBRICA DE AVALIACIÓN_DEBUXO ARTÍSTICO								
Alumno/a:		Curso e grupo: 2ºBAC_DA2		Data:		Nota inicial	Ponderación %	NOTA
Título: Debuxo exterior: RÚA (perspectiva cónica)		Tipo de traballo: ACTIVIDADE		Número:				
CRITERIOS	Excelente	Bo	Adecuado	Mellorable	0-10			
	10-9	8-7	6-5	4-0				
1. REPRESENTACIÓN	Utiliza correctamente os elementos de <b>representación da perspectiva cónica</b> , así como en medicións, paralelas e perpendiculares, <u>en todas as liñas.</u>	Utiliza correctamente os elementos de representación da perspectiva cónica, así como en medicións, paralelas e perpendiculares, <u>en todas as liñas menos en dúas.</u>	Utiliza correctamente os elementos de representación da perspectiva cónica, así como en medicións, paralelas e perpendiculares, <u>en todas as liñas menos tres.</u>	<u>Non utiliza correctamente</u> os elementos de representación da perspectiva cónica, así como en medicións, paralelas e perpendiculares.	10	30 %	3	
2. CREATIVIDADE E ORIGINALIDADE	Uso da <b>técnica</b> que está sendo estudada e aplica a dun xeito que <u>é completamente seu.</u> A personalidade do estudante sae a relucir.	Uso da técnica que está sendo estudada e <u>emprega fonte de materiais</u> como punto de partida.	<u>Copiose algún debuxo das fontes.</u> Hai moi pouca evidencia de creatividade, pero realizouse a actividade.	<u>Non fixo moito esforzo</u> por cumprir cos requerimentos da actividade.	10	15 %	1,5	
3. USO DE MATERIAIS E RECURSOS	Utiliza todos os <b>materiais</b> necesarios dun xeito <u>adecuado e eficaz en cada formulación</u> (dureza grafito, goma, uso da cor...).	Utiliza os materiais necesarios dun <u>xeito adecuado</u> en cada formulación (dureza grafito, goma, uso da cor...).	Utiliza os materiais necesarios en cada formulación dureza grafito, goma, uso da cor...), <u>aínda que ás veces non o fai de forma adecuada.</u>	Utiliza só algúns dos materiais necesarios en cada formulación (dureza grafito, goma, uso da cor...), e <u>a miúdo non o fai de xeito adecuado.</u>	10	25 %	2,5	
4. DEBUXO	O debuxo é <b>expresivo e detallado.</b> As formas, o sombreado e/ou a textura son usadas para engadir interese ao debuxo. <u>Ten gran control.</u>	O debuxo é expresivo e de algunha maneira detallado. <u>Usouse pouco sombreado ou textura.</u>	O debuxo ten moi poucos patróns. É principalmente representativo con <u>moi pouco uso sombreado ou textura.</u> Necesita mellorar o seu control.	Ao debuxo <u>fáltalle case todos os detalles</u> ou non está claro que se intentaba co debuxo. Necesita máis traballo.	10	20 %	2	
5. PRESENTACION E PRODUCTO FINAL	Termina o seu traballo con <b>excelente presentación e limpeza</b> e logrando <u>todos os obxectivos e instrucións asignadas.</u>	Termina o seu traballo con <u>boa presentación e limpeza</u> , logrando <u>casi todos os obxectivos e instrucións asignadas.</u>	Termina o seu traballo <u>cumprindo parte dos obxectivos e instrucións asignadas.</u>	<u>Non termina o seu traballo e cumpre moi poucos</u> dos obxectivos e instrucións asignados.	10	10 %	1	
<b>NOTA FINAL</b>							<b>10</b>	

<ul style="list-style-type: none"> <li>• i</li> <li>• m</li> <li>• n</li> <li>• g</li> <li>• p</li> </ul>	B1.1. Soportes, pigmentos, aglutinantes e diluentes.	B1.1. Seleccionar información a través de diferentes fontes de información, incluídas as tecnoloxías da información e da comunicación, acerca da evolución dos materiais e a súa aplicación ao longo da historia, co fin de distinguir e relacionar os materiais e os instrumentos utilizados nas técnicas gráfico-plásticas.	TEGPB1.1.1. Coñece os materiais, o tipo de soporte, os pigmentos, os aglutinantes e os diluentes utilizados nas técnicas gráfico-plásticas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			TEGPB1.1.2. Narra a evolución histórica dos materiais e a súa adaptación ao longo da historia.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			TEGPB1.1.3. Relaciona os materiais, o tipo de soporte, os pigmentos, os aglutinantes e os diluentes máis adecuados a cada técnica gráfico-plástica.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			TEGPB1.1.4. Coñece e utiliza con propiedade, de forma oral e escrita, a terminoloxía propia das técnicas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• i</li> <li>• m</li> <li>• n</li> </ul>	B1.2. Técnicas sólidas; auga e aceite.	B1.2. Comparar as propiedades físicas e químicas dos materiais e a súa interacción.	TEGPB1.2.1. Coñece as propiedades físicas e químicas dos materiais e a súa interacción.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			TEGPB1.2.2. Razona a elección dos materiais cos que se vai traballar na aplicación de cada técnica, tendo en conta as propiedades físicas e químicas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CMCC</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<b>Bloque 2. Técnicas de debuxo</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• m</li> <li>• n</li> <li>• i</li> <li>• d</li> <li>• p</li> </ul>	B2.1. Materiais, utensilios e soportes. Uso de terminoloxía específica. B2.2. Técnicas secas: carbón, lapis de grafito, compostos, graxos e de cor. B2.3. Técnicas húmidas: a tinta e as súas ferramentas. B2.4. Aplicación das técnicas propias do debuxo na realización de traballos.	B2.1. Identificar e aplicar, de maneira apropiada, as técnicas secas e húmidas aplicadas ao debuxo, apreciando a importancia que tivo e ten o debuxo para a produción de obras artísticas ao longo da historia.	TEGPB2.1.1. Describe as técnicas de debuxo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
			TEGPB2.1.2. Identifica e manexa os materiais utilizados nas técnicas do debuxo, tanto secas como húmidas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> </ul>
			TEGPB2.1.4. Produce obras propias utilizando técnicas de debuxo secas e húmidas	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>

## TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICAS. 2º DE BACHARELATO

Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
			TEGPB2.1.5. Recoñece e valora as técnicas de debuxo en obras de arte.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSC</li> <li>• CCEC</li> </ul>
<b>Bloque 3. Técnicas de pintura</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• b</li> <li>• d</li> <li>• i</li> <li>• m</li> <li>• n</li> </ul>	B3.1. Técnicas sólidas: pastel. Aplicación práctica na realización de traballos.	B3.1. Coñecer as técnicas de pintura e os materiais utilizados en cada unha ao longo da historia.	TEGPB3.1.1. Describe as técnicas de pintura TEGPB3.1.2. Coñece, elixe e aplica correctamente os materiais e os instrumentos utilizados en cada técnica pictórica. TEGPB3.1.3. Distingue e describe, de forma oral e escrita, a técnica e os materiais utilizados en obras pictóricas de diferentes épocas artísticas, así como nas producións propias.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• i</li> <li>• m</li> <li>• n</li> </ul>	B3.2. Técnicas á auga: acuarela, témpera e acrílico. Aplicación práctica na realización de traballos. B3.3. Técnicas ao aceite: óleos B3.4. Aproximación a outras técnicas tradicionais: encáustica, témpera e fresco.	B3.2. Elixir e aplicar correctamente os materiais e instrumentos propios das técnicas pictóricas na produción de traballos persoais con técnicas á auga, sólidas, oleosas e mixtas.	TEGPB3.2.1. Realiza composicións escollendo e utilizando as técnicas á auga, sólidas e oleosas que resulten máis apropiadas para o proxecto en función a intencións expresivas e comunicativas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
<b>Bloque 4. Técnicas de gravado e estampaxe</b>				
<ul style="list-style-type: none"> <li>• i</li> <li>• m</li> </ul>	B4.1. Materiais, utensilios, maquinaria e soportes. Utilización da terminoloxía específica.	B4.1. Coñecer os termos relacionados coas técnicas do gravado.	TEGPB4.1.1. Describe as técnicas de gravado e estampaxe. TEGPB4.1.2. Define con propiedade, de forma oral e escrita, os termos propios das técnicas de gravado.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• n</li> <li>• i</li> <li>• m</li> </ul>	B4.2. Procesos de estampaxe única: monotipia.	B4.2. Identificar as fases na produción de gravados e estampaxes.	TEGPB4.2.1. Describe as fases de produción e de gravados e estampados.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CSIEE</li> <li>• CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• i</li> <li>• n</li> </ul>	B4.3. Gravado en relevo: linóleo e xilografía. B4.4. Gravado en oco: calcografía. Técnicas directas e indirectas. B4.5. Estampaxe plana: serigrafía e planografía (litografía e método permeográfico) B4.6. Outros métodos de reprodución: offset, método electrónico e copy art.	B4.3. Elaborar producións propias utilizando técnicas non tóxicas de gravado e estampaxe variadas.	TEGPB4.3.1. Experimenta con técnicas de gravado e estampaxe non tóxicas, utilizando adecuadamente os materiais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CAA</li> <li>• CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• i</li> <li>• m</li> <li>• n</li> </ul>	B4.7. Aplicación das técnicas de gravado e estampaxe máis sinxelas na realización de	B4.4. Investigar e expor acerca da evolución das técnicas de gravado e	TEGPB4.4.1. Recoñece e describe as técnicas de gravado e estampaxe na observación de obras.	<ul style="list-style-type: none"> <li>• CCL</li> <li>• CCEC</li> </ul>

<b>TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICAS. 2º DE BACHARELATO</b>				
Obx	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Comp. clave
• p	traballos.	estampaxe utilizadas na historia.	TEGPB4.4.2. Explica a evolución das técnicas de gravado e estampaxe ao longo da historia.	• CCL
<b>Bloque 5. Técnicas mixtas e alternativas</b>				
• i • m • n • g • b	B5.1. Técnicas no proceso artístico-cultural: estudo da evolución das técnicas gráfico-plásticas a través da historia da arte.	B5.1. Experimentar con técnicas mixtas e alternativas diferentes formas de expresión artística, expresando ideas e emocións a través de técnicas alternativas.	TEGPB5.1.1. Describe a técnica da colaxe e aplícaa na elaboración de traballos propostos polo profesor ou a profesora.	• CSIEE • CCEC
			TEGPB5.1.2. Utiliza materiais reciclados para producir obras novas cun sentido diferente para o que foron confeccionados.	• CSIEE • CCEC
			TEGPB5.1.3. Representa a través de TIC instalacións de carácter artístico.	• CD
			TEGPB5.1.4. Investiga e aprende técnicas alternativas, utilizando TIC.	• CD • CCEC
• b • d • i • m	B5.1. As técnicas no proceso artístico-cultural: estudo da evolución das técnicas gráfico-plásticas a través da historia da arte.	B5.2. Recoñecer outras técnicas gráfico-plásticas distintas ás tradicionais.	TEGPB5.2.1. Utiliza con propiedade os materiais e os procedementos máis idóneos para representar e expresarse en relación ás linguaxes gráfico-plásticas.	• CSIEE • CCEC

**\* Estándares e Aprendizaxe imprescindibles**



#### 4.3.4. CONSIDERACIÓNS SOBRE OS INDICADORES DE LOGRO E MÍNIMOS ESIXIBLES DOS ESTÁNDARES

Dado o perfil competencial da materia, establecido no apartado 2 da presente programación e os mínimos esixibles establecidos no apartado 3, os indicadores de logro dos estándares virán determinados pola súa consecución coa seguinte escala, a partir de aí, o profesor elaborará rúbricas na programación de aula cando sexa necesario:

- **Non alcanzado (25%)** : Non consegue o estándar ou o realiza con moita dificultade, solicitando axuda do docente, tendo documentación de apoio e exemplos claros.
- **Alcanzado (50%)** : Consegue o estándar, con certa dificultade, solicitando en ocasións axuda do docente, tendo documentación de apoio e exemplos claros pero de forma independente.
- **Ben (75%)** : Consegue o estándar, sen dificultade, de forma autónoma e independente, tendo documentación de apoio e exemplos claros.
- **Excelente (100%)** : Consegue o estándar, sen dificultade, de forma autónoma, independente e con precisión, tendo documentación de apoio e exemplos claros. Mostrando iniciativa e creatividade.

Os criterios xerais de calificación e instrumentos de avaliación figuran no apartado de Criterios de Calificación e Instrumentos de avaliación. Materias de bacharelato. Na sección Avaliación das materia de bacharelato.

**Para unha avaliación positiva na materia é necesario superar os mínimos esixibles para cada estándar de aprendizaxe.**

## **CONTIDOS:**

### **Bloque 1. Materiais**

- 1.1. Soportes, pigmentos, aglutinantes e diluentes.
- 1.2. Técnicas sólidas; auga e aceite.

### **Bloque 2. Técnicas de debuxo**

- 2.1. Materiais, utensilios e soportes. Uso de terminoloxía específica.
- 2.2. Técnicas secas: carbón, lapis de grafito, compostos, graxos e de cor.
- 2.3. Técnicas húmidas: a tinta e as súas ferramentas.
- 2.4. Aplicación das técnicas propias do debuxo na realización de traballos.

### **Bloque 3. Técnicas de pintura**

- 3.1. Técnicas sólidas: pastel. Aplicación práctica na realización de traballos.
- 3.2. Técnicas á auga: acuarela, témpera e acrílico. Aplicación práctica na realización de traballos.
- 3.3. Técnicas ao aceite: óleos
- 3.4. Aproximación a outras técnicas tradicionais: encáustica, témpera e fresco.

#### Bloque 4. **Técnicas de gravado e estampaxe**

- 4.1. Materiais, utensilios, maquinaria e soportes. Utilización da terminoloxía específica
- 4.2. Procesos de estampaxe única: monotipia.
- 4.3. Gravado en relevo: linóleo e xilografía.
- 4.4. Gravado en oco: calcografía. Técnicas directas e indirectas.
- 4.5. Estampaxe plana: serigrafía e planografía (litografía e método permeográfico)
- 4.6. Outros métodos de reprodución: offset, método electrónico e copy art.
- 4.7. Aplicación das técnicas de gravado e estampaxe máis sinxelas na realización de traballos.

#### Bloque 5. **Técnicas mixtas e alternativas**

- 5.1. Técnicas no proceso artístico-cultural: estudo da evolución das técnicas gráfico-plásticas a través da historia da arte.

#### 4.3.5. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

##### 4.3.5.1 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN

###### **Avaliación inicial**

Realizarase unha avaliación inicial pretendendo coñecer o grao de coñecemento da materia e algúns xeitos como: sentido estético, capacidade de observación, nivel de utilización dos materiais, capacidade de expresión, comportamento do grupo, dispoñibilidade de información... Os instrumentos serán cuestionarios, exercicios prácticos e test, actividade, ou ambas as dúas cousas, obteremos unha información previa do grupo e de cada individuo.

Os mecanismos de información para as familias será por medio do titor mediante a hora de atención a pais. Segundo os resultados de devanditas probas poderán establecer as distintas metodoloxías : atención individualizada, reforzo en aula, adaptacións nas datas de entrega dos traballos, material de reforzo para casa , etc.

###### **Avaliación continua**

Para levar a cabo o modelo de avaliación continua vanse utilizar diversos instrumentos e procedementos de recollida de información. Entre eles merece grande importancia a valoración de cada un dos traballos realizados, tanto individualmente como en grupo, e recoñecendo non só o resultado final se non todo o proceso de realización así como as dificultades iniciais, investigacións e aportacións persoais, valorando:

- Orixinalidade

- Creatividade
- Calidade estética e presentación
- Adecuación ao tema proposto
- Observación do uso do material e cuidado do mesmo
- Capacidade de traballo en equipo
- Puntualidade e regularidade na entrega de exercicios

Os exercicios prácticos ou actividades han de presentarse regularmente e nos prazos marcados, devolveránselles unha vez correxidas (se non se tratase de traballos feitos para certames ou concursos) para que se percaten de posibles erros. Como medida de reforzo recomendaráselles repetir aquelas que teñan moitos erros. É necesario presentar as actividades e os traballos prácticos para aprobar as avaliacións.

Ademais realizaranse algunhas probas específicas onde se pretende avaliar o grao de adquisición dos contidos das U.D. Ditas probas serán exercicios prácticos que se basearán nos contidos expostos na clase. Tamén se recollerán datos sobre a participación dos alumnos na clase, a hora de opinar, expor a súas ideas, buscar información, participar nos debates e seguir as clases e actividades con interese. Valorarase a súa capacidade de reflexión e sentido crítico.

**Todos os traballos realizados devolveranse tres meses rematado o curso, é dicir, no mes de novembro.**

Os traballos poderanse corrixir asegundo o profesor sobre papel ou en liña pola plataforma da Aula Virtual onde o alumno/a enviará a actividade como arquivo JPG á plataforma virtual EDMODO e o profesor corrixiraa devolvendo o traballo pola mesma plataforma corrixido e acompañando corrección coa nota segundo a rúbrica de dita actividade.

### 3.3.5.2 CRITERIOS SOBRE A CUALIFICACIÓN (FINAL DE CURSO, RECUPERACIÓN, PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO)

1. A calificación final será a media da calificación das tres avaliacións. A calificación de cada avaliación corresponderá á nota media ponderada de exames, actividades e actitude na clase.

#### PORCENTAXES DE AVALIACIÓN

- EXAMES : 20%
  - ACTIVIDADES : 70%
  - ACTITUDE : 10%
- 
- **EXAMES.** Asimila aqueles contidos que se consideran necesarios para interpretar; realiza a proba coidando a presentación con limpeza, orde, precisión e claridade na exposición dos conceptos ou na resolución de exercicios relacionados cos coñecementos adquiridos.
  - **ACTIVIDADES** (traballos na aula). Realiza as actividades encomendadas; presenta os traballos nos prazos sinalados; executa os traballos con creatividade, orde e limpeza.
  - **ACTITUDE.** Observación sistemática do traballo individual, en grupo, participación, actitude (mostra interese pola asignatura e pola realización das actividades propostas; asiste a clase diariamente e con puntualidade; compórtase correctamente e traballa na aula; respecta a estrutura de traballo da aula e as intervencións do docente e dos/as seus/súas compañeiros/as; coida o material propio e da aula; participa activamente nos traballos en grupo; observarase con especial atención o feito de que o/a alumno/a traia diariamente o material necesario para o desenvolvemento da clase.
- A calificación mínima para o aprobado será de 5. A calificación mínima en cada avaliación será de 4 para poder facer media cas demais avaliacións. De ser inferior haberá de recuperarse en exames extraordinarios onde só se valorará a nota do exame.

- **EXAMES**

- Valorarase o acabado e orixinalidade da obra e a maior resolución do exercicio así como os seus detalles.

- **ACTIVIDADES**

- As láminas de actividade haberá que realizalas na clase e como tarefa para casa. Valorarase o acabado, sombreados, a adecuada mestura de cores a a súa aplicación no papel, limpeza e sobre todo a creatividade e orixinalidade da actividade.

2. Cando non se realicen exames, a media será só das láminas (debuxo técnico) e os traballos teóricos.

**Cualificación trimestral das actividades, láminas e probas (60%):**

- 1) Faise a nota media de todos as láminas de actividades.
- 2) Faise a nota media de todos os exames (salvo que haixa un só exame).
- 3) Faise a media total segundo a súa ponderación (das dúas notas anteriores).

**Cualificación trimestral das anotacións sobre traballo e observación na aula.**

**Valórase:**

- Calidade estética e presentación.
- Adecuación ao tema proposto.
- Observación do uso do material e cuidado do mesmo.

- Capacidade de traballo en equipo.
- Puntualidade e regularidade na entrega de exercicios.
- Colaboración con outros compañeiros na realización de tarefas, especialmente os que teñan N.E.E.
- Participación constructiva en diálogos e debates, así como en actividades complementarias e traballos de investigación do Departamento de Artes Plásticas.
- Valórase positivamente a visita a museos, exposicións e monumentos de interese cultural e artístico.
- Respecto da entrega de actividades e láminas, cando o alumno o fai fóra de prazo, a nota será máis baixa, ata un máximo do 10% de redución.

Todos os estándares que teñen por instrumento de avaliación o traballo de clase non poden ser avaliados se o alumno non trae o material para realizar devandito traballo . É por isto **fundamental o traer o material todos os días de clase.**

3. **CUALIFICACIÓN FINAL DE CURSO:** a nota final de curso obtense calculando a media aritmética entre os tres trimestres.
4. **RECUPERACIÓNS :** o profesor informará ao longo do curso da posibilidade de repetir actividades ou láminas para subir nota, así como da posibilidade de realizar exames de recuperación por trimestre ou en xuño.



5. **PROBA EXTRAORDINARIA DE XUÑO** : Esta proba extraordinaria, polo seu carácter global xa que abrangue a todo o curso, será única e incluírá os estándares avaliábles máis relevantes desenvolvidos durante o curso, empregando os estándares incluídos nas ditas adaptacións curriculares. No caso de alumnos/as con necesidades especiais, adoitaranse as medidas necesarias para o seu desenvolvemento; ampliar o tempo establecido da proba, adecuación do espazo ás necesidades de iluminación, etc.

#### Características de proba:

- **Proba específica e finalista.** Esta proba incidirá nos apartados máis relevantes desenvolvidos durante o curso e a avaliación continua.
- **A cualificación** irá do 1 a 10, sendo 5 a puntuación mínima para superar a proba. Terase en conta os contidos mínimos expostos nos estándares mencionados no recadro azul.

#### Apartados relevantes en 2º de Bacharelato Técnicas de Expresión Gráfico-Plástica:

- Os apartados relevantes son: **Técnicas secas** (carbón, lapis de grafito, compostos, graxos e de cor). **Técnicas sólidas** (pastel). **Técnicas húmidas** (tinta chinesa, acuarela, témpera e acrílico).
- **Distribución temporal:** 1 hora e 30 minutos.
- **A cualificación** por parte do profesor farase tendo en conta o tratamento dos contidos mínimos expostos nos estándares de cada un dos apartados mencionados no recadro azul con resultado de media ponderada finalista.

### 3.5.7. PROCESO AVALIADOR

O proceso avaliador, será bidireccional.

- Autoavaliación por medio de rúbricas. Nas tarefas individuais.
- Coavaliación por medio de rúbricas. Nas tarefas de grupo.

Exemplo de rúbrica:

RÚBRICA DE AVALIACIÓN TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICAS								
Alumno/a:			Curso e grupo: 2ºBAC_TDGP	Data:	Nota inicial 0-10	Ponderación %	NOTA	
Título: UNHA MANCHA CREATIVA			Tipo de traballo: ACTIVIDADE	Número:				
CRITERIOS	Excelente	Bo	Adecuado	Mellorable	10-9	8-7	6-5	4-0
	10-9	8-7	6-5	4-0				
1. USO DE MATERIAIS E RECURSOS	Representa os <b>matices cromáticos</b> , a partir da observación do natural/imaxe, mediante a <b>mestura de cores primarias</b> dun xeito <b>adequado e eficaz</b> en cada formulación.	Representa os matices cromáticos, a partir da observación do natural/imaxe, mediante a <b>mestura de cores primarias</b> dun xeito <b>só adecuado</b> en cada formulación.	Representa os matices cromáticos, a partir da observación do natural/imaxe, mediante a <b>mestura de cores primarias</b> aínda que <b>ás veces non o fai de forma adecuada</b> .	Representa <b>só algúns</b> matices cromáticos, a partir da observación do natural/imaxe, mediante a <b>mestura de cores primarias</b> aínda que e a <b>miúdo non o fai de xeito adecuado</b> .	10	20 %	2	
2. CREATIVIDADE E ORIXINALIDADE	O traballo é elaborado con <b>gran imaxinación resolutiva, excepcionalmente creativo/a e orixinal</b> .	O traballo é <b>creativo e orixinal</b> e para a súa resolución utiliza <b>variedade de ideas</b> .	O traballo é creativo aínda que <b>pouco orixinal</b> e sen unha resolución totalmente convincente utilizando <b>poucas ideas</b> .	O traballo é <b>pouco ou nada creativo e orixinal</b> e <b>non presenta variedade de ideas</b> para a súa resolución.	10	25 %	2,5	
3. USO DE MATERIAIS E RECURSOS	Utiliza todos os <b>materiais</b> necesarios dun xeito <b>adequado e eficaz</b> en cada formulación (dureza grafito, goma, uso da cor...).	Utiliza os materiais necesarios dun <b>xeito adecuado</b> en cada formulación (dureza grafito, goma, uso da cor...).	Utiliza os materiais necesarios en cada formulación dureza grafito, goma, uso da cor...), <b>aínda que ás veces non o fai de forma adecuada</b> .	Utiliza só algúns dos materiais necesarios en cada formulación (dureza grafito, goma, uso da cor...), e <b>a miúdo non o fai de xeito adecuado</b> .	10	15 %	1,5	
4. DEBUXO	O debuxo é <b>expressivo e detallado</b> . As formas, o sombreado e/ou a textura son usadas para engadir interese ao debuxo. Ten <b>gran control</b> .	O debuxo é <b>expressivo e de algunha maneira detallado</b> . Usouse <b>pouco sombreado ou textura</b> .	O debuxo ten moi poucos patróns. É principalmente representativo con <b>moi pouco uso sombreado ou textura</b> . Necesita mellorar o seu control.	Ao debuxo <b>fáltalle case todos os detalles</b> ou non está claro que se intentaba co debuxo. Necesita máis traballo.	10	15 %	1,5	
5. PRESENTACION E PRODUCTO FINAL	Termina o seu traballo con <b>excelente presentación e limpeza</b> e logrando <b>todos os obxectivos e instrucións asignadas</b> .	Termina o seu traballo con <b>boa presentación e limpeza</b> , logrando <b>casi todos os obxectivos e instrucións asignadas</b> .	Termina o seu traballo <b>cumprindo parte dos obxectivos e instrucións asignadas</b> .	<b>Non termina o seu traballo e cumpre moi poucos dos obxectivos e instrucións asignados</b> .	10	15 %	1,5	
6. PRAZOS DE ENTREGA	<b>Sen retrasos</b> .	Retrásase <b>un día</b> (sesión).	Retrásase <b>dous días</b> (sesións).	Retrásase <b>máis de tres días</b> (sesións).	10	10 %	1	
<b>NOTA FINAL</b>							<b>10</b>	

## OUTRAS CONSIDERACIÓNS

## 4. OUTRAS CONSIDERACIÓNS

### 4.1. RECUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE 4º ESO. E 2º BAC.

A materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual é unha materia progresiva polo que a avaliación continua estendese por toda a etapa da ESO e do Bacharelato (No ensino postobrigatorio, considéranse progresivas as materias de Deb. Tec. I e II, así como as de Debuxo Artístico de I e II).

O Xefe de Departamento é o responsable de coordinar e de facer o seguimento da aprendizaxe dos alumnos/as con pendentes.

O Departamento Didáctico decidirá os contidos que aparecerán nos traballos, (láminas) e nas probas ordinaria e extraordinaria.

O profesor que imparte a materia de Plástica nun grupo con alumnos/as con pendentes de cursos anteriores, supervisará a súa marcha na avaliación continua, coordinándose co Xefe de Departamento.

## **PROCEDIMENTOS PARA SUPERAR AS MATERIAS PENDENTES NA ETAPA DE ESO**

**1. Por medio da avaliación continua.** (Sempre que o alumno/a estea matriculado/a no curso seguinte)

- O alumno/a superará a materia pendente ó aprobar as dúas primeiras avaliacións do curso seguinte ó que ten suspenso. (A de 1º en 3º de ESO).
- O alumno/a superará a materia pendente ao aprobar a avaliación final do curso seguinte ó que ten suspenso. (DOG. Do 22 de Outubro 2004 Orde do 30 de Setembro do 2004 e DOG. Do 13 de Xullo do 2007 Decreto 133/2007 do 5 de Xullo).

**2. Por medio de actividades relacionadas (tarefas).**

- O alumno/a coa materia de Educación Plástica e Visual pendente, superará esta realizando correctamente un mínimo de tres láminas e un máximo de seis que traten os contidos mínimos a esixir no curso que corresponda.

**- Traballos a entregar polos alumnos/as con EPVA de 4º da ESO.**

- Tres láminas: Unha sobre a cor, outra de debuxo xeométrico e a última sobre redes.

**3. Por medio de exames.**

- O alumno/a superará a materia pendente, realizando un exame ordinario de pendentes (Maio) no que se traten contidos mínimos a esixir no curso que corresponda. (DOG. Do 22 de Outubro 2004 Orde do 30 de Setembro do 2004).
- O alumno/a superara a materia pendente, realizando un exame extraordinario de pendentes (Setembro) no que se traten contidos mínimos a esixir no curso que corresponda. (DOG. Do 22 de Outubro 2004 Orde do 30 de Setembro do 2004).

## **PROCEDIMENTOS PARA SUPERAR AS MATERIAS PENDENTES NA ETAPA DO BACHARELATO**

**Para recuperar a área de Debuxo Técnico:** A recuperación desta materia pendente, farase por medio das probas de recuperación propostas segundo calendario da Xefatura de estudos (sobre o mes de maio), será un único exame exame final. Tamén deberá entregar unha serie de láminas mínimas por trimestre. Estas láminas desenvolverán os entádares mínimos que o alumno debería adquirir e que tratarán de reflectir o nivel de adquisición das Competencias Clave.

**Para recuperar a área de Debuxo Artístico:** A recuperación desta materia pendente, farase por medio das probas de recuperación propostas segundo calendario da Xefatura de estudos (sobre o mes de maio), será un único exame exame final. Tamén deberá entregar unha serie de debuxos mínimas por trimestre que desenvolverán os entádares mínimos que o alumno debería adquirir e que tratarán de reflectir o nivel de adquisición das Competencias Clave.

**Para recuperar a área de Técnicas de Expresión Gráfico-Plásticas:** A recuperación desta materia pendente, farase por medio das probas de recuperación propostas segundo calendario da Xefatura de estudos (sobre o mes de maio), será un único exame exame final. Tamén deberá entregar unha serie de debuxos mínimas por trimestre que desenvolverán os entádares mínimos que o alumno debería adquirir e que tratarán de reflectir o nivel de adquisición das Competencias Clave.

## 4.2. CONTRIBUCIÓNS AOS PROXECTOS PEDAGÓXICOS

### 4.2.1 ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O Departamento de Educación plástica e Visual, fará un especial esforzo no tratamento das programacións didácticas adaptando o currículo as diferenzas de nivel ou situacións especiais, tanto en grupos como nas individualidades.

As adaptacións tanto ordinarias como extraordinarias faranse despois da Avaliación inicial dos alumnos/as, e da consulta e diagnóstico do Departamento de Orientación, así como apoiando a outros departamentos en medidas de reforzo que se precisen.

### 4.2.2 PROXECTO LINGÜÍSTICO

Tal como se establece no Decreto 79/ 2010, que regula o plurilingüismo no ensino non universitario no artigo 3, na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarse o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente.

Por outra parte, e tal como recolle o Proxecto Lingüístico do Centro, na enquisa realizada polo alumnado no curso 2012-2013, a situación lingüística do alumnado é a seguinte: o 39% do alumnado aprendeu a falar en castelán, o 23% aprendeu a falar en galego e o 38% aprendeu a falar nas dúas linguas; dos alumnos que aprenderon a falar en castelán ou nas dúas linguas, un 54% pertence ó núcleo urbano fronte a só un 36% que vive nas parroquias. A lingua habitualmente utilizada coa familia é o castelán (40%). No instituto o alumnado fala cos compañeiros e amigos maioritariamente en castelán (41%).

Por tanto, dentro do marco descrito anteriormente e seguindo as liñas de actuación propostas no Plan Lingüístico, a contribución da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual ao Proxecto Lingüístico consistirá en:

- A materia impartirase en galego, o alumnado poderá usar nas manifestacións orais e escrita a lingua oficial da súa preferencia.
- Uso de libros e materias didácticos e de documentación para traballos e proxectos preferentemente en galego pero tamén en castelán.
- No uso de vídeos, presentacións e apuntes empregárase indistintivamente as dúas linguas.

#### 4.2.3 FOMENTO DA LECTURA

Esta actividade de aprendizaxe terá en conta para o seu desenvolvemento, as características específicas da área en cuestión e as normas e recomendacións recollidas no Plan Lector do Centro, aprobado polo Consello Escolar.

A área de educación visual e plástica ten como finalidade a formación do estudante no eido da imaxe, tanto subxectiva (Debuxo, pintura, fotografía, vídeo, ...), como obxectiva (Representación normativa das formas, debuxo da forma no espazo en dúas e tres dimensións, ...), tendo como un dos obxectivos principais aprender a ver e aprender a facer. Polo tanto, aprender a ver implica saber ler as imaxes e como consecuencia entender a mensaxe que nos están transmitindo.

#### OBXECTIVO

O Departamento terá como obxectivo para a formación na competencia lingüística e comunicativa dos alumnos/as, traballar a lectura de textos e imaxes así como a comprensión da mensaxe que nos transmiten ou queren transmitir.



## **CONTIDOS NO PROCESO LECTOR**

Os contidos a ter en conta serán os propios da materia con unha selección de específica tanto de textos coma de imaxes adecuadas ao nivel do curso, grupo específico ou estudante/s. As unidades didácticas marcarán o tipo de texto e de imaxe elixida, tendo as seguintes características xerais:

Lectura de textos: Cómicos (texto e imaxe), escritos de artistas, teoría e práctica de procesos artísticos, técnicas e enunciados dos procesos avaliadores ou propostas de traballo tanto individual como en grupo.

Lectura de imaxes: Imaxes relacionadas coas unidades didácticas do nivel correspondente, primeiro, terceiro ou cuarto de secundaria. Imaxes de artistas tanto fixa (pintura, fotografía, escultura,..), como en movemento (cine, publicidade en todos os seus ámbitos: televisión, música, internet,...), imaxe científica e obxectiva como poden ser as representacións no plano de obxectos ou formas da vida cotiá.

## **DESENVOLVEMENTO NO TEMPO**

O proceso lector desenvolverase ao longo do curso nos horarios especificados no Plan Lector do Centro.

## **AVALIACIÓN DO PROCESO LECTOR**

A avaliación da competencia lectora de textos e imaxes, farase integrada na avaliación continua e especificarase na avaliación final o nivel de competencia lectora e comunicativa do estudante tanto textual como iconográfica.

### 4.3. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

#### EDUCACIÓN AMBIENTAL

- Observación e recreo da natureza como inspiración nas creacións artísticas. Participación cidadá na conservación medio ambiental.

#### EDUCACIÓN DO CONSUMIDOR

- Adecuar o consumo de bens e servizos ás necesidades. Análise de necesidades. Coñecer o plan de márketing dun produto, servizo ou idea que se lance o mercado.

#### EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE ENTRE SEXOS

- Fomentar a igualdade e a non discriminación por razón de sexo, raza, etc., a través do achegamento e desenrolo do feito plástico e visual.  
Utilizar o método de traballo en equipo, para estimular a convivencia e asumir o reparto de tarefas e responsabilidades, sen distinción entre rapaces e rapazas.
- Desenvolver a capacidade de autoestima ante a satisfacción persoal que produce a realización práctica dos proxectos deseñados.

#### EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

- Participación en tarefas comúns, amosando actitudes de solidariedade e colaboración. Responsabilidade no traballo e gusto polo traballo ben feito.  
Valores e contravalores na actualidade e ó longo da historia. Diversidade cultural.  
Respecto á diversidade persoal, económica, étnica, cultural e social.
- Achegamento á arte como patrimonio universal que fomenta a convivencia pacífica dos pobos.

## EDUCACIÓN PARA A SAÚDE, EDUCACIÓN SEXUAL

- Influencia do progreso social na mellora da saúde e as condicións de vida. Utilizar unha linguaxe non sexista.

## EDUCACIÓN VIARIA

- Coñecemento e respecto das normas viarias, como unha das características da vida social nos centros urbanos e no mundo desenrolado.

### 4.4. FORMACIÓN T.I.C.

Esta actividade de aprendizaxe terá en conta para o seu desenvolvemento as características específicas da área en cuestión e as normas e recomendacións recollidas no Plan T.I.C. do Centro, aprobado polo Consello Escolar.

A área de educación visual e plástica ten como finalidade a formación do estudante no eido da imaxe, tanto subxectiva (Pintura, escultura, fotografía,...), como obxectiva (Representación normativa das formas, debuxo da forma no espazo en dúas e tres dimensións), tendo como un dos obxectivos principais aprender a ver e aprender a facer. Polo tanto, o emprego das T.I.C. no proceso de ensino aprendizaxe da educación visual e plástica será transversal e empregarase o necesario para que o estudante realice e mellore as actividades específicas e analice as vantaxes ou desvantaxes dos recursos dixitais a súa disposición.

## OBXECTIVOS

O Departamento terá como obxectivo para a formación na competencia dixital dos alumnos/as, o emprego dos recursos tecnolóxicos en toda as súas posibilidades:

- Emprego dos ultraportátiles da aula Abalar.
- A Internet e as posibilidades que nos ofrece.
- Uso da Aula Virtual do Centro como centro de recursos dixitais de aprendizaxe.
- Creación e tratamento de imaxes tanto fixas coma en movemento.
- Programas de CAD para a creación de imaxes obxectivas.

## CONTIDOS

- Os contidos dixitais que se empregan como apoio para o desenvolvemento das materias, están situados maioritariamente, na Aula Virtual do Centro, alí, están todos os cursos do Departamento nos que se imparte docencia. Son os seguintes:
- En primeiro de secundaria que contan con portátiles na aula, os alumnos/as empregaran desde a Internet, unha aula virtual, un blog de clase, diversas aplicacións online para a realización de actividades interactivas en LIM, programas de debuxo lineal, ligazóns a vídeos e imaxes que están presentes no desenvolvemento da unidade didáctica e finalmente, o emprego do software básico dos ultraportátiles dos que dispoñen.
- En terceiro e cuarto de secundaria o estudante ten a súa disposición como guía e desde a Internet, a aula virtual do Centro, un blog de clase con diversas ligazóns a actividades interactivas, vídeos, blogs, eta.
- Nos niveis de bacharelato, os estudantes empregan a aula virtual do centro onde atoparán os recursos e materiais necesarios para o desenvolvemento do programa

de estudos e terán a súa disposición o blog de clase con ligazóns de interese, así como simuladores de elementos gráficos no espazo.

- Tamén terán acceso á programación e recursos adicionais transversais relacionados coa materia. Ex: Historia da Arte.

## **DESENVOLVEMENTO NO TEMPO**

A formación dixital é unha competencia que se estende e implica na materia de xeito relevante, desenvolvéndose de xeito paralelo a mesma coma complemento de axuda e análise nas actividades programadas ao longo do curso.

De cara ao emprego de calquera medio dixital, o estudante terá a información necesaria tanto verbal coma por medio de titorías por parte do mediador no proceso de aprendizaxe.

En primeiro de secundaria realizarán prácticas de manexo das aplicacións dos aparellos para a comunicación dixital no primeiro mes do trimestre realizando actividades sinxelas.

## **AVALIACIÓN DA FORMACIÓN DIXITAL**

A avaliación da competencia dixital do estudante, farase integrada na avaliación continua.

Na educación secundaria, especificarase na avaliación final o nivel de competencia dixital acadado polo alumno/a ao longo do curso.

Nos cursos de bacharelato, valorarase o emprego dos medios dixitais na consecución dos produtos implicados nos traballos que contan un 20% na nota parcial e final como nota máxima en cada un deles sempre que os parámetros de precisión e adecuación as normas sexa correcto.

## 4.5. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

### ■ 4º ESO: EPVA

#### Actividades e visitas dentro da Comunidade.

- Centro Galego de Arte Contemporáneo.  
Mostra permanente.  
Exposición temporal. (ver programa).
- Fundación Eugenio Granell.  
Mostra permanente.  
Exposición temporal. (ver programa).
- **Vilanova de Arousa : Debuxar no exterior**

#### Obxectivos:

- Tomar contacto coa cultura nas súas diferentes manifestacións artístico plásticas.
- Ampliar as perspectivas creativas dos alumnos.
- Conseguir que o alumno observe, analice e desenvolva o sentido crítico ante os procesos creativos diferentes os propios respectando e superando estereotipos e convencionalismos.

#### Planificación temporal:

- A duración será de un día ou unha clase con recreo.
- Realizarase no intre no que a marcha do curso e a programación de actividades o permita e colaborando a ser posible, con outros departamentos.

### ■ 2º BACHARELATO: DEBUXO TÉCNICO

#### DEBUXO ARTÍSTICO

#### TÉCNICAS DE EXPRESIÓN GRÁFICO-PLÁSTICA

#### Actividades e visitas dentro da Comunidade:

- Museo de pontevedra, Illa das esculturas, Escola de Restauración e Facultade de Belas Artes de Pontevedra.
- **Vilanova de Arousa : Debuxar no exterior**

#### Actividades e visitas fora da comunidade

- Visita a Madrid : ARCO, Museo do Prado e Reina Sofía.

#### Obxectivos:

- Ampliar coñecementos nas vertentes artística e tecnolóxicas.
- Que o alumno desenvolva a sensibilidade e ampliando o campo perceptivo en manifestacións creativas non cotiáns.
- Fomentar a observación, análises e crítica de procesos creativos visuais facendo fincapé no rigor da elaboración, expresión e montaxe.

#### Planificación temporal:

- A duración das visitas e actividades dentro da comunidade durarán de un día.
- Para visitas e actividades fora da comunidade, a duración prevista é de tres días e medio. Realízase na última semana de febreiro.

**O departamento colaborará en posibles actividades ou visitas didácticas con outros departamentos, sempre e cando estas actividades e visitas por a súa natureza requiran esta colaboración.**

### 4.6. AVALIACIÓN XERAL DAS PROGRAMACIÓNS

#### MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS.

- **Periodicidade de revisión:**

O longo do curso farase un seguimento, como mínimo mensual, de cada programación de curso, desenvolvendo aquelas modificacións que se estimen necesarias.

• **Modificacións e medidas a adoitar:**

As modificacións ou accións levadas a cabo durante o curso, recolleranse na memoria final de curso do Departamento.

Indicadores para avaliar as programacións	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. [Só ESO e bac.]				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de segundo os coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				



17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bac.].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, eta. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

O Departamento de Educación Plástica e Visual acorda aprobar a presente Programación e para que conste, fírmase a mesma con data abaixo subliñada.

Vilanova 25 de setembro do 2022.

Asinado: Santiago Vilaverde Aboal (XD)